

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO 26 DE OUTUBRO DO 2020

No Salón de Plenos da Casa do Concello de Monforte de Lemos, o día vinte e seis de outubro do dous mil vinte, reúnense os membros do Pleno da Corporación co obxecto de celebrar sesión ordinaria convocada para dito día ás vinte horas, dando comezo ás vinte horas e cinco minutos.

Preside o Sr. Alcalde: D. José Tomé Roca (Grupo Socialista).

Asisten:

Sres/as. Concelleiros/as:

Grupo municipal Socialista: Dna. Gloria M^a Prada Rodriguez, D. Iban Torres Rodríguez, D. José Luis Losada Fernández, Dna. Marina M^a Douton Rajo, D. José Manuel Mougán Sobredo, Dna Regina López Arias, D. Guillermo Díaz Aira, Dna. Margarita López Rodríguez e D. Miguel Tomé López.

Grupo Municipal do Partido Popular: Dna. Katherinie Varela Fernández, D. Roberto Eireos Saez e D. Victor Manuel Rodríguez López.

Grupo Mixto:

Bloque Nacionalista Galego: D. Emilio José Sánchez Iglesias
Esperta Monforte: D. Jaime Germán Vázquez Pérez.

Interventor: D. Manuel Vázquez Fernández.

Secretario: D. José Antonio Mourelle Cillero, que dá fe do acto.

Non asisten a concelleira D^a Pilar Espinosa Novelle e o concelleiro D. Manuel Rodríguez Martínez.

O Sr. Alcalde abre a sesión e dispón que se proceda a tratar os asuntos da orde do día.

ORDE DO DÍA:

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á SESIÓN DE 28 DE SETEMBRO DO 2020.

Intervén D^a Katherinie Varela dicindo que ao final da sesión o alcalde fixo un discurso e non se transcribiu íntegramente na acta.



Sometido a votación do Pleno, apróbase por maioría con trece votos a favor dos/das concelleiros/s do Grupo municipal socialista e dos concelleiros do Grupo Mixto e tres abstencións dos/as concelleiros/as do Grupo Municipal do Partido Popular.

**2º.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (art. 42.1 do ROF).
Datas das Resolucións das que se da conta: do 23.09.2020 AO 20.10.2020.**

O Sr. Alcalde, cumprindo co disposto polo artigo 42 do ROF, da conta de Resolucións adoptadas no período comprendido entre o 23 de setembro ao 20 de outubro do 2020.

PARTE RESOLUTIVA

3º.- RESOLUCIÓN DO CONTRATO DE XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DA PISCINA MUNICIPAL CLIMATIZADA, DOS SERVIZOS DE CAFETERÍA E DEMÁIS INCLUÍDOS NA INSTALACIÓN, E DAS PISTAS DE TENIS MUNICIPAIS DA PINGUELA.

O ditame é favorable á proposta da Alcaldía, con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal socialista e catro abstencións dos concelleiros/as do grupo municipal do PP e dos concelleiros/as do Grupo Mixto, e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da alcaldía.

"ANTECEDENTES

- 1. Contrato do servizo público de xestión e explotación da piscina municipal climatizada, dos servizos de cafetería e demais incluídos na instalación, e das pistas de tenis municipais da Pinguela, asinado coa mercantil GRUPO PAZOS SALUD E OCIO S.A, en data 31.03.2011.*
- 2. Escritura pública de cesión de contrato a favor de ALACER OCIO Y DEPORTE S.L, de data 10.06.2015.*
- 3. Moción da concelleira Dona María Isabel García Díaz, de data 15.01.2020, poñendo de manifesto os problemas do servizo.*
- 4. Moción do Grupo Municipal do PP, de data 16.01.2020, para que se aprobe polo pleno a rescisión do contrato vixente e se proceda a rescatar o contrato de forma indefinida.*
- 5. Informe da unidade de contratación de data 20.01.2020, emitido a instancia da Alcaldía sobre posibles causas de resolución do contrato.*
- 6. Acordos do Pleno da Corporación de 27.01.2020, referente as mocións presentadas por Esperta Monforte e polo Grupo Municipal do PP.*
- 7. Informe do técnico municipal de deportes, de data 21.02.2020, no que se pon de manifesto o incumprimento da empresa xestora das súas obrigas laborais e salariais co persoal, e das débedas cos provedores.*



8. *Acordo da Xunta de Goberno Local, de data 11.03.2020, polo que se decide facer executiva a intervención do servizo, ante as graves perturbacións do mesmo ocasionadas pola xestión empresarial que leva a cabo o contratista.*
9. *Informe do Técnico Municipal de Deportes e responsable do contrato, de data 19.08.2020, en relación ao contido e conclusión dos estudos de diagnóstico e auditoría da Piscina Climatizada Municipal que o Concello de Monforte encargou á empresa Quality Option S.L., no que constan as deficientes condicións de mantemento e conservación das instalacións por parte da empresa concesionaria.*
10. *Informe de Intervención de data 19.08.2020 que, en resume, establece a procedencia, dende o punto de vista económico, de iniciar expediente de resolución contractual.*
11. *Acordo do Pleno da Corporación, de 27.08.2020, de inicio de expediente de resolución do contrato e outorgamento de audiencia a efectos de formulación de alegacións.*
12. *Notificación do acordo anterior, realizada a ALACER, OCIO Y DEPORTE, S.L. en data 01.09.2020 (NRS 2020/06730), recibida polo destinatario en data 04.09.2020.*
13. *Informe do técnico de contratación, de data 19.10.2020, sobre a próxima finalización do prazo da intervención.*

NORMATIVA APLICABLE

1. *Lei 30/2007 de 30 de outubro, de contratos do sector público.*
2. *Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 outubro.*
3. *Real Decreto 1908/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.*
4. *Contrato de xestión do servizo público de 31.03.2011 e pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas incorporados ao mesmo.*
5. *Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955, singularmente os artigos 133 a 137.*

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1. *O artigo 206.h) da Lei 30/2007, establece entre as causas de resolución do contrato "As establecidas expresamente no contrato".*
2. *O prego de cláusulas administrativas particulares, integrante do contrato sinala na súa cláusula 19 que: "Sen prexuízo do indicado na cláusula precedente, e ademais de polo seu cumprimento, o contrato poderá extinguirse polas causas previstas nos artigos 206 e 262 a 264 da LCSP, así como polo incumprimento por parte do adxudicatario das obrigas sinaladas nas condicións técnicas deste contrato. A Administración estará facultada*



para proceder á resolución do contrato polas causas sinaladas no parágrafo anterior e cos efectos previstos nos artigos 207, 208 e 264 da LCSP.”

- 3. O prego de prescricións técnicas, pola súa parte, sinala na cláusula 7, entre as condicións técnicas que debe cumprir o contratista, as obrigas de conservación e mantemento, especificando o seguinte: “O concesionario encargárase do mantemento integral do conxunto de bens integrantes da instalación, entendendo por tal o mantemento preventivo e correctivo, ademáis do esixido pola normativa aplicable e os manuais específicos de cada instalación.*

A empresa concesionaria deberá entregar un plan de mantemento onde se detallará a periodicidade das actuacións, investimentos, posta a punto e renovación de equipos e cronograma de actuacións.

O control hixiénico sanitario das condicións da auga realizaranse según as disposicións vixentes de rango estatal ou autonómico que resulten de aplicación. O adxudicatario terá que remitir mensualmente un informe dos traballos realizados polo servizo de mantemento. Así mesmo o adxudicatario presentará unha memoria anual do mantemento da instalación e das incidencias producidas. Se se producira algunha incidencia na instalación ou nos seus equipos e maquinaria, ésta será notificada inmediatamente ó Concello.

A reposición dos equipos ou instalacións que resulten inutilizables con anterioridade ó remate da vida útil dos mesmos será por conta do adxudicatario. Enténdese que o período de vida útil terá que ser igual ou superior ó prazo de amortización contable do ben.”

- 4. No informe desta unidade, de data 19.08.2020, que serviu de base ao acordo de inicio de expediente de resolución contractual, xa se fixo referencia ás deficientes condicións de mantemento e conservación das instalacións por parte da empresa concesionaria, segundo acredita o técnico municipal de deportes no seu informe da mesma data.*
- 5. Tramitado o procedemento contradictorio ao que se refire a cláusula 19 do prego de cláusulas administrativas particulares, no que se lle otorgou audiencia ao contratista, este non presentou alegacións.*

CONCLUSIÓNS

A xuízo do técnico informante, a vista dos antecedentes e consideracións expostas, procede realizar as seguintes actuacións:

Primeira.- *Adoptar acordo polo que se declare a resolución do contrato de XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DA PISCINA MUNICIPAL CLIMATIZADA, DOS SERVIZOS DE CAFETERÍA E DE MAIS INCLÚIDOS NA INSTALACIÓN, E DAS PISTAS DE TENIS MUNICIPAIS DA PINGUELA, ante as graves perturbacións do servizo ocasionadas pola xestión empresarial que leva a cabo o contratista.*



Segunda.- *Iniciar expediente de indemnización polos prexuízos económicos ocasionados á Administración pública contra a mercantil ALACER OCIO Y DEPORTE S.L.*

Terceira.- *A competencia para a adopción do acordo corresponderíalle ao Pleno da Corporación. ""*

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Emilio José Sánchez dicindo que van votar a favor desta proposta é a documentación que se lle deu na comisión informativa. Anima ao Concello a que faga un orzamento de reposición para subsanar as deficiencias na piscina e anima que se faga canto antes o novo prego.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez preguntando o que se vai votar nesta proposta.

Intervén D^a Katherinie Varela dicindo que van votar a favor porque xa propuxeron a resolución do contrato, consideran que ao non pagar os salarios. Están a favor dixo de resolver o contrato e di, que que tamén de solicitar indemnización. Di que tiña que facer con outra celeridade a saída do concurso e non estar supeditado a que outra nova empresa xestione a piscina.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que o que se vota son os dous primeiros puntos da proposta. Dille a D^a Katherinie Varela que iso de que xa o pedimos, para facelo hai que ter un procedemento, ven aparelado dunha resolución de contrato, leva un tempo, hai que seguir uns pasos e iso é o que se está a facer.

Sometido o asunto a votación apróbase por unanimidade cos votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, dos concelleiros/as do Grupo Municipal do Partido Popular e dos concelleiros/as do Grupo Mixto.

4º.- APROBACIÓN INICIAL DO REGULAMENTO DO TELETRABALLO.

O ditame é favorable á proposta da Alcaldía, con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal socialista e catro abstencións dos concelleiros/as do grupo municipal do PP e dos concelleiros/as do Grupo Mixto, e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da alcaldía.

"Antecedentes:

- *O día 29/09/2020 convocase aos representates dos traballadores para a negociación do Regulamento de teletraballo.*
- *O día 02/10/2020 manténse a dita reunión telemática.*



- *Na dita reunión debatéronse as materias obxecto de negociación e a representación sindical manifestaron súa vontade de facer alegacións os textos.*
- *Con data 05/10/2020, Don Andrés Campanario Rodríguez, representante dos traballadores no Comité de empresa pola central sindical UXT presenta achegas ás propostas da Administración.*
- *Con data 09/10/2020 Don José Berciano Berciano, en representación da CSIF, presenta achegas as propostas realizadas polo Concello.*
- *Con data 14/10/2020 Don Carlos Hermida Diéguez, Secretario da Organización da Federación de Servizo á Cidadanía de CCOO do sindicato intercomarcal de Lugo- A Mariña formula varias achegas.*

Unha vez estudadas as achegas e alegacións por parte da representación sindical da Mesa de Negociación, procede elevar a proposta de aprobación, ó próximo Pleno, do Regulamento do teletraballo incorporando, de xeito parcial, as aportacións realizadas pola representación sindical.

PRIMEIRO.- *Con data 15 de outubro do 2020 o Secretario Xeral do Concello emitiu o seguinte informe que se transcribe:*

1º.-O Regulamento do Teletraballo é unha ferramenta innovadora que se está a implantar nas Administracións Públicas derivada da situación de crise sanitaria.

2º.-Aprobado o Real Decreto Lei 28/2020 de regulación do traballo a distancia, as administracións véñense na obriga de aprobar ferramentas para a implatación do teletraballo

3º.- O Real decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais en materia de réxime local, dispón no seu art. 56 que a aprobación das Ordenanzas Locais axustarase ao procedemento establecido no art. 49 da Lei 7/85, do 2 de abril, debendo observarse para a modificación das ordenanzas e regulamentos os mesmos trámites que para a súa aprobación.

En efecto, a tramitación que establece no seu art. 49 axústase aos seguintes trámites:

- a) Informes previos.*



- *artigo 3.3 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, recolle dentro das atribucións que comprende a función de asesoramento legal preceptivo que en todo caso se emitirá informe previo no suposto de aprobación ou modificación de Regulamentos.*

b) Aprobación inicial polo Pleno.

Logo do informe previo, ao Pleno correspóndelle a aprobación inicial, conforme establece o art. 49 a) LRBRL.

c) Información pública e audiencia dos interesados.

O art. 49 b) LRBRL determina que se ten que abrir, unha vez aprobado inicialmente, un período de información pública e audiencia aos interesados, non inferior a trinta días, para a presentación de reclamacións e suxerencias.

d) Resolución de toda as reclamacións e suxerencias presentadas dentro do prazo e aprobación definitiva polo Pleno.

No caso de que non se houbera presentado ningunha reclamación ou suxerencia, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

4º.-De acordo co disposto no art. 47.1 da Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local que dispón que “los acuerdos de las corporaciones locales se adoptan, como regla general, por mayoría simple de los miembros presentes. Existe mayoría simple cuando los votos afirmativos son más que los negativos”, ao no ser o presente acordo ningún dos recollidos no apartado 2 do citado art. 47, a mayoría precisa para a adopción do acordo é maioría simple.”

Polo que vai dito, e en base ao informe, proponse que o Pleno do Concello adopte o seguinte ACORDO:

1º.- Aprobar inicialmente o Regulamento do Teletraballo do Concello de Monforte de Lemos, redactado do seguinte xeito:

“1.- LEXISLACIÓN:

- *Acordo marco Europeo sobre Traballo a distancia, asinado o 16 de xullo de 2002 en Bruxelas e o propio Estatuto dos Traballadores.*
- *Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores) define e regula o chamado*



«traballo a distancia».

- A ORDE de 20 de decembro de 2013, conxunta de la Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e da Consellería de Facenda, pola que se regulan a acreditación, a xornada e o horario de traballo, a flexibilidade horaria e o traballo a distancia dos persoal municipal públicos no ámbito da Administración xeral e do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia.
- A LEI 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

2. DEFINICIÓN:

O traballo a distancia consiste na utilización das tecnoloxías da información e comunicación para independizar ao persoal municipal do lugar físico no que desenvolve o seu traballo. Constitúe así unha forma de organización que permite establecer modalidades de prestación de servizos diferentes á presencial.

Enténdese por traballo a distancia aquela modalidade de prestación de servizos na que o contido competencial do posto de traballo desenvólvese fóra das dependencias da Administración a través da utilización das novas tecnoloxías da información e comunicación.

Nesta modalidade de xornada de traballo, que terá carácter voluntario para o persoal municipal público, quedarán garantidas as condicións esixidas en materia de prevención de riscos laborais, de seguridade social, de privacidade, de protección e confidencialidade dos datos.

Entre os principios básicos, cabe destacar os seguintes:

- *A súa consideración como forma de organizar ou realizar un traballo, utilizando as tecnoloxías da información e a comunicación.*
- *O carácter voluntario e reversible do traballo a distancia.*
- *A igualdade de dereitos e deberes legais e convencionais do persoal municipal co resto de traballadores. A implantación do presente regulamento inicialmente terá carácter gradual e evolutivo nas áreas municipais que se estimen oportunas.*

Será a Comisión de Seguimento regulada no presente regulamento quen informe sobre a temporalización, os postos de traballo e as áreas municipais, susceptibles de ser desenvoltoas coa modalidade do Traballo a distancia.

3. ÁMBITO DE APLICACIÓN

O presente regulamento será de aplicación ao persoal municipal que preste servizos no Concello de Monforte de Lemos e ocupe un posto de traballo susceptible de ser desempeñado na modalidade de traballo a distancia.

1. Terán a consideración de postos de traballo susceptibles de ser desempeñados mediante traballo a distancia os que poidan ser exercidos de forma autónoma e non presencial atendendo ás súas características específicas e os medios requiridos para o seu desenvolvemento.

2. Polas súas características, non son susceptibles de ser desempeñados mediante traballo a distancia os postos seguintes:

a) Postos en oficinas de rexistro, policía municipal, atención e información á cidadanía....

b) Postos de natureza eventual.

c) Postos de estrutura que leven aparelladas funcións de dirección, coordinación ou supervisión, os Funcionarios Habilitados de carácter Estatal , coa única excepción de permisos puntuais de duración limitada para a elaboración de informes, pregos, proxectos e documentos de similar complexidade, cuxa urxencia estea debidamente xustificada.

d) Postos cuxas funcións sexan necesariamente a prestación de servizos presenciais. Enténdese por servizos presenciais aqueles cuxa prestación efectiva soamente queda plenamente garantida coa presenza física da persoa traballadora.

e) Postos que pola súa natureza non teñan a posibilidade de control por parte da administración sobre a prestación do servizo.

f) No referido ó Conservatorio, Escolas de Música e outras actividades docentes unicamente poderase acudir ó sistema de traballo a distancia en aqueles casos que as circunstancias sanitarias ou outras circunstancias de carácter excepcional, así o aconsellen.

4. ACCESO AO TRABALLO A DISTANCIA

As solicitudes dirixiranse ao Ilmo. Sr. Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Monforte de Lemos.



Recibida a solicitude, a Unidade de Recursos Humanos darán traslado das solicitudes recibidas, no prazo de 10 días hábiles, á área no que presta servizos o persoal municipal público solicitante, debendo emitir informe a persoa responsable do servizo coa conformidade do Concelleiro/a Delegado/a da devandita área no prazo de 15 días, informe que non será vinculante.

Este informe necesariamente conterá a proposta motivada do responsable da unidade administrativa da que dependa funcionalmente o persoal municipal público para os efectos de comprobar, tanto o cumprimento dos requisitos establecidos neste Regulamento, como a adecuada cobertura das necesidades do servizo. Os aspectos sobre os que versará o informe serán os seguintes:

- a) Carga de traballo da unidade administrativa.*
- b) Necesidade de atención ó público.*
- c) Número de efectivos dos que dispón a unidade administrativa.*
- d) Formación no manexo de elementos informáticos.*
- e) Dispoñibilidade do Concello de Monforte de material informático para poder desempeñar as funcións do posto de traballo.*

Igualmente a COMISIÓN DE SEGUIMIENTO prevista no presente regulamento emitirá no prazo de 10 días hábiles, o correspondente informe motivado, sobre a aceptación ou denegación da solicitude formulada, unha vez recibida a solicitude e o Informe do responsable da unidade administrativa da devandita área da que depende funcionalmente o persoal municipal público que solicita o acceso ao traballo a distancia.

A autorización do traballo a distancia polo persoal municipal público, se levará a cabo por resolución do Alcalde coa proposta da COMISIÓN DE SEGUIMIENTO e co Vº Bº da Concelleira de Persoal e o Concelleiro/a ao que estea adscrito organicamente o persoal municipal público, previa solicitude deste, e unha vez comprobada a concorrencia dos requisitos establecidos neste Regulamento.

A resolución favorable á prestación da xornada na modalidade non presencial poderá quedar sen efecto tanto a pedimento do persoal municipal público como por decisión do Concello de Monforte de Lemos, xa sexa por necesidades do servizo, incumprimento dos obxectivos establecidos, así como por causas sobrevindas que alteren substancialmente as condicións e requisitos que motivaron a resolución favorable. En todo caso, a resolución que deixe sen efecto o traballo a distancia, previa audiencia do persoal municipal público, deberá ser motivada.

5.-REQUISITOS QUE DEBE CUMPRIR A PERSOA INTERESADA:

a) Estar en situación de servizo activo.

b) Contar cunha antigüidade igual o superior s de dous anos de servizo ininterrompidos no posto de traballo para o que se solicita o traballo a distancia.

Non obstante o anterior, a solicitude de acceso ao traballo a distancia poderá formularse desde situacións administrativas distintas á de servizo activo que teñan reserva do posto de traballo. Se a persoa solicitante resulta seleccionada para a prestación do servizo nesta modalidade, deberá incorporarse ao seu posto de traballo solicitando o reingreso desde a situación administrativa na que se atope. Neste último caso, se a persoa non solicita o reingreso ao seu posto de traballo, será excluída do procedemento, polo que non accederá ao traballo a distancia.

c) Desempeña un posto de traballo que, pola súa natureza e características técnico-funcionais, é susceptible de ser desenvolto baixo esta modalidade.

Para estes efectos, e a modo de referencia, considéranse postos de traballo susceptibles de ser desempeñados na modalidade de traballo a distancia, e que así se determinen na Relación de Postos de Traballo, os relacionados coas seguintes funcións:

- Xestión de sistemas de información e comunicacións.*
- Análise, deseño e programación de sistemas de información e comunicacións.*
- Tramitación de expedientes.*
- Estudo e análise de proxectos.*
- Elaboración de informes.*
- Redacción, corrección e tratamento de documentos.*
- Atención telefónica referida á tramitación de expedientes.*
- Outros de análoga natureza.*

d) *Á persoa empregada pública facilitarase un equipo informático básico coa aplicación Anydesk con acceso a internet, así como, de ser preciso, un teléfono móbil, material funxible....*

e) *Ter coñecementos suficientes, informáticos e telemáticos, teóricos ou prácticos, que requiran o exercicio das funcións obxecto do traballo a distancia. Esta formación será facilitada pola Administración.*

Os requisitos mínimos esixidos deberán conservarse durante todo o período de tempo no que o persoal municipal público preste o seu servizo en xornada non presencial mediante traballo a distancia. En relación coa acreditación do coñecemento establecido e dos demais requisitos sinalados, excepcionalmente poderá esixirse a realización dunha proba para contrastar os mesmos por parte da COMISIÓN DE SEGUIMIENTO sen prexuízo da comparecencia dos asesores oportunos. Con independencia da área en que realice a súa actividade o solicitante de traballo a distancia, persoal do Servizo de Informática elaborará un informe técnico sobre as necesidades de recursos telemáticos e a viabilidade da conectividade do lugar de traballo a distancia, así como da posibilidade de desenvolver as súas funcións mediante este tipo de conexión coas prestacións técnicas requiridas para iso. Devandito informe considerárase na Comisión de Seguimento con carácter previo á adopción da resolución correspondente. O traballador aceptará voluntariamente o contido íntegro do presente Regulamento incluíndo a colaboración para que se mida e controle a execución das tarefas asignadas e o cumprimento dos obxectivos da modalidade de traballo a distancia.

6. CRITERIOS PREFERENTES DE AUTORIZACIÓN

Cando houbese máis dunha persoa interesada e desexen prestar o servizo mediante xornada non presencial e pertencen á mesma unidade de traballo e por cuestións de organización administrativa non fose viable outorgar a dita modalidade de traballo a todos, esgotadas no seu caso as posibilidades de rotación ou de acordo entre o persoal municipal público e o Concello, valoráranse preferentemente, as seguintes circunstancias debidamente acreditadas:

- a) *Conciliación da vida familiar e persoal coa laboral: que teñan ao seu cargo persoas maiores de 65 anos que precisen coidados continuados, fillos menores de 12 anos, familiares ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade con discapacidade, familiares con enfermidade grave ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade.*



- b) *Persoal municipal vulnerable ó COVID 19 segundo os criterios do Ministerio de Sanidade.*
- c) *Persoal municipal público con discapacidade.*
- d) *Persoal municipal público vítimas de violencia de xénero.*
- e) *Tempo e distancia de desprazamento do domicilio ao lugar de traballo ou a dificultade para acceder a un servizo ou transporte público.*
- f) *Realización por parte do persoal municipal público de estudos regradados ou relacionados co posto de traballo.*
- g) *Non ter autorizada compatibilidade para o desempeño dun segundo posto de traballo, cargo ou actividade no sector público ou privado. As referencias que neste apartado fanse a fillos entenderanse feitas tamén a aquelas persoas que se atopen en réxime de tutela ou acollemento, tanto do persoal municipal público como do seu cónxuxe ou parella de feito. Enténdese por persoas con discapacidade a aquelas que teñan recoñecido un grao de minusvalía igual ou superior ao 33 por cento, ou que teñan tal consideración nos termos que establece o artigo 1.2 da Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade. A preferencia por esta causa exercitarase poñendo en relación o grao de discapacidade coa puntuación obtida nos apartados de mobilidade reducida e necesidade de concurso de terceira persoa recoñecida na correspondente resolución administrativa*

Así mesmo, as referencias que neste apartado fanse ao parentesco en grao de afinidade inclúen tamén o parentesco entre o persoal municipal público e os parentes por consanguinidade da súa parella de feito. Para a aplicación destes criterios aprobarase o pertinente baremo pola Comisión de Seguimento previsto no presente regulamento.

7. ORGANIZACIÓN E SUPERVISIÓN

Corresponderá ós responsables de unidades administrativa do persoal que preste servizos en réxime de traballo a distancia, de conformidade co programa de traballo a distancia, determinar as tarefas concretas que estes deberán realizar nesta modalidade de prestación de servizos, e a realización do seguimento do traballo desenvolvido durante a mesma de acordo cos obxectivos e resultados a conseguir, os criterios de control das tarefas desenvolvidas e os sistemas de indicadores ou mecanismos de medición que permitan comprobar que tales obxectivos cumpríronse. Dos resultados deste seguimento darase conta periodicamente á COMISIÓN DE SEGUIMENTO sen prexuízo doutros mecanismos de supervisión e avaliación que se determinen.

O traballo a distancia, pola súa natureza, comporta de maneira inherente unha especial flexibilidade na xornada e nos horarios ordinarios. Con todo, poderanse fixar períodos mínimos de interconexión para a realización do traballo ou, mesmo que estes períodos de interconexión fáganse coincidir cunhas franxas horarias determinadas, nas que as necesidades do servizo fan necesaria a intercomunicación entre a Administración e a persoa traballadora a distancia.

8. CARACTERÍSTICAS XERAIS DE TRABALLO A DISTANCIA. DURACIÓN DA PRESTACIÓN. DISTRIBUCIÓN DA XORNADA

1. A duración do período de tempo no que se poderá desenvolver a prestación do servizo na modalidade de traballo a distancia reflexarase e na Resolución de Alcaldía correspondente. Non obstante o anterior, a duración máxima dun programa será dun ano prorrogable por un ano máis. Se chegado o vencemento non se manifesta o contrario, deberá entenderse prorrogado polo mesmo período.

Distribución da xornada semanal

1. O cumprimento da xornada de traballo baixo a modalidade non presencial será fixado por Resolución de Alcaldía, considerando a opinión do persoal municipal público e segundo aconselle a mellor prestación do servizo. En caso de discrepancias resolverá a Administración.

2. A xornada de traballo distribuirase, con carácter xeral, de forma que como máximo dous días á semana sexan prestados os seus servizos desde o domicilio e o resto de acordo coa xornada e horario habituais.

As excepcións a esta norma deberán estar documental e debidamente xustificadas. En ningún caso a xornada diaria poderá fraccionarse para a súa prestación en ambas as modalidades

3. Con carácter xeral, o control do traballo realizarase atendendo ao cumprimento de obxectivos ou á consecución de resultados. Así mesmo, poderanse fixar períodos mínimos de interconexión para a realización do traballo e mesmo que estes períodos fáganse coincidir cunhas franxas horarias determinadas nas que as necesidades da unidade administrativa fan necesaria a intercomunicación.

4. Non obstante o establecido no apartado anterior, a resolución de Alcaldía na que se conceda o traballo a distancia, atendendo ás características específicas dos postos de traballo que se inclúen nel, establecerá a distribución da xornada e o sistema de

control concretos, sen que, salvo excepcións debidamente xustificadas, o número de días de modalidade presencial poida ser inferior a tres.

5. Finalizado o período de traballo a distancia, a persoa traballadora a distancia volverá prestar servizos de acordo coa xornada presencial que tiña asignada previamente e nos termos e réxime xuridicamente aplicable no momento da súa incorporación á modalidade presencial.

9. CAUSAS DE DENEGACIÓN.

As solicitudes para o cumprimento de xornada na súa modalidade de non presencial poderán ser denegadas por algunha/ s das seguintes causas, debidamente xustificadas:

Por non reunir o persoal municipal os requisitos establecidos no apartado 5 do presente Regulamento.

Por cambio de posto de traballo.

Por necesidades do servizo.

Por limitacións tecnolóxicas das infraestruturas ou a imposibilidade de garantir a conectividade no lugar de traballo a distancia.

Pola non aceptación voluntaria do contido íntegro do presente regulamento.

Por calquera outra causa debidamente xustificada.

A autorización para a prestación do servizo na modalidade de traballo non presencial poderá suspenderse temporalmente por circunstancias sobrevindas que afecten á persoa empregada ou ás necesidades do servizo.

10. RÉXIME DE TRABALLO A DISTANCIA

O persoal municipal público suxeito ao réxime de traballo a distancia terá os mesmos dereitos e deberes que o resto do persoal do Concello de Monforte de Lemos e non sufrirá variación algunha nas súas retribucións.

O traballo a distancia, con todo, é compatible coa solicitude de redución de xornada nas mesmas condicións que o resto de traballadores.

11. EQUIPAMENTO, PROTECCIÓN DE DATOS E PREVENCIÓN DE RISCOS

O equipamento básico deberá ser achegado pola Administración e estará constituído polo computador/ ordenador con sistemas de comunicación que defina a Administración en función da dispoñibilidade tecnolóxica e a seguridade dos sistemas.

A conexión cos sistemas informáticos do Concello de Monforte de Lemos deberá levar a cabo a través dos sistemas que este determine para garantir a accesibilidade, axilidade, seguridade e confidencialidade da comunicación garantindo o cumprimento do Esquema Nacional de Seguridade. Para manter a comunicación precisa na prestación do servizo, a Administración e o persoal municipal facilitaranse mutuamente un número de teléfono de contacto.

O órgano competente en materia de prevención de riscos laborais deberá verificar, con carácter previo ao comezo do programa, que as condicións en que se desempeñan as funcións do posto de traballo no domicilio, non supoñen risco para a saúde da persoa traballadora a distancia.

O persoal municipal deberán acreditar coñecemento suficiente en materia de prevención de riscos laborais aplicable ao posto solicitado, xa sexa cumprimentando o cuestionario de autocomprobación, facilitado polo servizo de prevención de riscos de laborais do Concello de Monforte de Lemos ou ben participar nun curso de formación na materia nos últimos 5 anos.

Non obstante o anterior, poderán solicitar, con carácter voluntario, que polo órgano competente en materia de prevención de riscos laborais realícese unha inspección domiciliaria a fin de comprobar as condicións alegadas no citado cuestionario.

As condicións do posto de traballo tamén poderán ser obxecto de revisión e análise durante toda a súa vixencia, previa comunicación á persoa interesada.

Para os efectos de continxencias profesionais será de aplicación a normativa vixente en materia de accidentes de traballo e enfermidades profesionais.

O persoal municipal haberán de respectar a normativa vixente sobre protección de datos e confidencialidade, establecendo as precaucións necesarias para separar os ámbitos persoais e profesionais, de maneira que este último non se vexa perturbado. Os traballos encomendados quedarán en propiedade do Concello de Monforte de Lemos.

Os sistemas de firma electrónica a utilizar no traballo a distancia, en todo caso, garantirán o cumprimento da normativa de aplicación nesta materia, referenciada no Esquema Nacional de Interoperabilidade e conforme á Norma Técnica de Interoperabilidade de Firma Electrónica. Así mesmo, cando as incidencias derívense de problemas de conexión co Concello o persoal municipal poderán dirixirse a Unidade Administrativa de Informática do Concello de Monforte de Lemos.

O persoal que traballan a distancia , ten dereito á desconexión dixital fóra do seu horario de traballo. O deber empresarial de garantir a desconexión leva parella unha limitación do uso dos medios tecnolóxicos de comunicación empresarial e de traballo durante os períodos de descanso, así como o respecto á duración máxima da xornada e a calquera límites e precaucións en materia de xornada que dispoñan a normativa legal ou convencional aplicables.

12. SISTEMA DE CONTROL HORARIO

O Concello poderá establecer e adaptar os mecanismos de comprobación oportunos do cumprimento horario.

13. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Calquera consideración en interpretación do presente Regulamento examínase e resolverán na COMISIÓN DE SEGUIMIENTO tras a entrada en vigor do Regulamento.

1.- Composición estará integrada por aqueles membros que sexan designados pola Xunta de Goberno Local para estes efectos e terá que ser paritaria con representación de ambas partes Administración e empregados públicos.

2.- Réxime de reunións de xeito ordinario, unha vez ao ano e extraordinaria cando calquera circunstancia o aconsellase.

3.- Funcións:

.- Detectar e cuantificar as potencialidades para os que o traballo a distancia pode constituír unha solución.

.- Elaborar un informe previo á resolución dos recursos que se expoñan en materia deste regulamento.

.- Propoñer a admisión ou denegación das solicitudes de traballo a distancia, no prazo de 10 días hábiles desde o traslado da solicitude á Comisión de Seguimento.

.- Estudar as incidencias que se poidan expor e propoñer solucións.

.- Establecer criterios orientativos con relación aos postos susceptibles de ser exercidos nesta modalidade.

.- Revisión periódica, cada ano, dos resultados dos traballo a distancia.

Corresponde a este órgano a proposta de revogación do traballo a distancia se non se están cumprindo os obxectivos establecidos ou deixaron de cumprirse os requisitos do regulamento.

Habíltese á COMISIÓN DE SEGUIMENTO ditar as disposicións que resulten necesarias en desenvolvemento do presente Regulamento, así como as instrucións precisas para garantir a súa aplicación.

15. ENTRADA EN VIGOR

O presente Regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.”

2º.- Abrir un período de información pública e audiencia aos interesados, por un prazo de trinta días, para a presentación de reclamacións e suxerencias mediante inserción do anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos da Corporación. “

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Emilio José Sánchez dicindo que lle gustaría polo bo funcionamento do pleno que nestas iniciativas fixera unha pequena exposición antes de debatir. Di que ten que valorar é un modelo que está cara o futuro que se trae unha proposta que hai cousas que tamén lle costa entender, porque ten que estar unha persoa dous anos no posto para poder solicitar o teletraballo, eles cren que máis que un traballador teña que pedilo, xa o propio Concello tería que dicir que persoas puideran realizar ese traballo a distancia dende a administración. Fala das alegacións dos traballadores. Di que toda esta documentación queda máis ou menos a xuízo da valoración da comisión de seguimento está composta por traballadores.

Intevén D. Jaime Germán Vázquez dicindo que garantindo a atención directa á cidadanía efectivamente o Concello e os traballadores a que vai ver o bo facer este tema.

Intervén D. Katherinie Varela dicindo que se faga unha exposición antes das intervencións por parte do equipo de goberno, está de acordo co que di D. Emilio.

Di que cren que o teletraballo debe ser a norma. Hai postos de traballo que non é viable. É importante e se está instaurando máis en empresas en Europa e sobre todo para a conciliación da vida familiar e laboral. Di que lles parece ben que haxa un regulamento interno do teletraballo, a que se poda dotar de medios aos funcionarios. Solicita que debería especificarse os postos e os cargos que van ocupar esa comisión de seguimento, hai postos de traballo que se poden realizar a totalidade da semana, dous días lles parecen poucos, hai unha serie de cousas que se poderían mellorar. Seguramente o senso de voto sería a abstención, fala dos dous días, di que lle parece moi xenérica os postos de traballo.

Intervención D^a Gloria Prada dicindo que está crise sanitaria que se está sufrindo dende de marzo e que obrigou ao mundo a permanecer nas súas casas, impulsou case ao forza unha forma que non era nova no ordenamento laboral, no art. 13 do Estatuto do traballadores xa o recolle e tamen se atopa amparada esta forma de traballo na lei 3/2012 de 6 de xullo, de medidas urxentes para o mercado laboral. Fala da adaptación do país para adaptarse aos medios de teletraballo. Di que se está ante unha ferramenta que se implanta nas administracións públicas, tendo en conta que o decreto 28/2020, o alcalde e este equipo de goberno propón a regulación do teletraballo. Despois da negociación cos representantes sindicais e de aportar as súas suxerencias, o regulamento vai ser de aplicación a todos os traballos municipais, os que podan ser exercicidos de forma autónoma e non presencial. O acceso a esta modalidade será voluntario e reversible. O personal municipal suxeito a réxime de teletraballo terá os mesmos dereitos e deberes que o personal do Concello, o equipamento básico será aportado pola Administración local, será dun ano por outro ano máis, será como máximo de dous días á semana e o resto será presencial e cumprindo co horario habitual. O servizo de prevención verificará con carácter previo as condicións que vai desempeñar para que non se produza un risco para o traballador. Di que e é unha proposta acordada cos representantes dos traballadores.

Intervén D. Emilio José dicindo que eles non van votar en contra dun regulamento que cren que é preciso pero hai cousas que non poden apoiar, amosa a súa abstención, basándose nos dous anos, e están totalmente e teñen capacidade para traballar a distancia, pero hai cousas que non están totalmente de acordo.

Intervén D^a Gloria Prada dicindo que deu lectura ao regulamento, di que o están regulando da forma máis axeitada. Os dous anos é o tempo que é necesario para que o funcionario colla os coñecementos e poda obter unha maior destreza, o que non pode ser é para unha persoa que acaba de chegar. Di que se está nunha administración local, a administración máis cercana ao cidadano. Sinala que veñen especificados os postos de traballo que poden realizar o teletraballo, a un personal técnico que si pode acceder a este teletraballo, un mecanismo para todo o mundo.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que non é lectura literal, vostedes cantas veces len as iniciativas literalmente, moitas veces. Fala vostede que o goberno debería facer unha proposta inicial. A exposición das iniciativas están as comisións informativas, todos os grupos se gardan para o pleno. Aquí manifestan a posición que queren. En relación co teletraballo que fora voluntario por parte dos traballadores. A organización do traballo correspóndelle ás empresas, veñen a dicir que foran os traballadores que dicidiran quenes teletraballan e quenes non. O estado pón límites, a Xunta pón límites para poder ter



teletraballo. O Concello ten que facer o mesmo. A experiencia que teñen da primeira etapa da pandemia non é moi positiva, hai bastantes exemplos para todo en vez de facer teletraballo fixeron televacacións, algún que fixo teletraballo inda recentemente despois de meses tería que haber feito e non fixo esa persoa que agora xa non está. Temos que ir aprendendo. Di que para el o mellor é o traballo presencial.

Sometido o asunto a votación apróbase por maioría con dez votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e cinco abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal do Partido Popular e dos concelleiros/as do Grupo Mixto.

5º.- APROBACIÓN DOS CRITERIOS PARA A CONCESIÓN, NO SEU CASO, DA XUBILACIÓN VOLUNTARIA PARCIAL ANTICIPADA.

O ditame é favorable á proposta da Alcaldía, con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal socialista e catro abstencións dos concelleiros/as do grupo municipal do PP e dos concelleiros/as do Grupo Mixto, e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da alcaldía.

“Proponse que o Pleno do Concello adopte o seguinte ACORDO:

1º.- CRITERIOS PARA ACCESO A XUBILACIÓN VOLUNTARIA PARCIAL ANTICIPADA:

“PRIMEIRO.- O criterio xeral será non autorizar, co devandito carácter, as xubilacións parciais voluntarias anticipadas.

SEGUNDO.- No entanto, en casos excepcionais, poderán ser autorizadas baseándose nos seguintes criterios:

1.- Existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente para facer fronte ás obrigacións económicas derivadas da posible autorización.

2.- Características das funcións e traballos a desenvolver na praza de cuxa xubilación voluntaria anticipada trátese.

3º.- Número e características do persoal que preste os seus servizos na unidade funcional á que estea adscrita a praza de cuxa xubilación voluntaria anticipada se trate.

4º.- Existencia de lista de reserva para a provisión da praza de cuxa xubilación voluntaria anticipada se trate.

5º.- *En calquera caso, deberá existir informe favorable do responsable da unidade funcional á que estea adscrita a praza de cuxa xubilación voluntaria anticipada se trata.*

Non obstante a concorrencia das anteriores circunstancias haberá de ser valorada de forma conxunta e o informe favorable e preceptivo do responsable da unidade funcional á que estea adscrita a praza de cuxa xubilación voluntaria se trate, non será fundamento, por si só, da autorización de xubilación."

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

.../...

Intervén D. Emilio José Sánchez dicindo que el non dixo que tiñan que ser os traballadores os que tiñan que decidir o teletraballo era a Administración. Di que el non quere criticar que estea lendo o que quixo dicir era que o que viña escrito, non era nada novo.

O punto da xubilación anticipada realmente di que eles non o ven así, teñen todo o dereito a facer un regulamento pero hai regulamento de abondo, pero aquela persoa que se poda xubilarse sen pasar outro regulamento, se un traballadore ten posibilidades de xubilarse porque non vai poder disfrutalo, non poñerlle máis trabas, se hai xente que pode xubilarse estase favoracendo á xente nova, para buscar a maneira de cubrilo, é unha forma de baixar o paro, poñer a traballar á xente xove. Cren que agora mesmo un regulamento non o vén necesario.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez dicindo que non sería necesario o que sí que é certo cando falamos destes temas, pódense producir situacións similares cousas diferentes, di que entenden que ten que quedar moi claro, pode darse as circunstancias en situación semellantes que a un se lle dea e a outro non. . Di que espera que non se moleste D^a Gloria que é partidario de que dean algunhas explicacións e que se veña a ler, o di un pouco anticipando ao que pode pasar dentro de 30 días fala do presuposto do ano pasado, sen ánimo de ofender pero si que é certo que non lles parece moi ben.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que non se está a falar de presupostos.

Intervén D^a Katherinie Varela manifestando que parece que existindo xa unha lexislación superior que regula este tipo de cousas, di que quere que esto se convirta en algo discrecional e que haxa diferencias entre os traballadores, garantir que cando se concedan estas xubilacións sexan ven fundamentadas. En canto ao primeiro punto dicir que o criterio xeral será xa non autorizar, di que ese punto pódese excluír, dicir que se estudiarán en base a eses criterios, parece que se quere amosar o poder dentro da Administración Local con ese punto cando é totalmente innecesario.

Intervén D^a Gloria Prada dicíndolle a D. Emilio e D. Germán que para a próxima vez que traían mocións non se lles permita lelas. Di que todos falan da xubilación dunha forma populista. Isto supón para as arcas municipais un coste moi elevado, ao traballador dende o momento que se xubila ata que accede a súa propia xubilación ten o Concello que seguir mantendo a súa de cotización e ao relevista hai que manter o 65 % da base de cotización que se tivo en conta para a xubilación do traballador. Fagan vostedes números e o que

supón para as arcas municipais. A empresa privada nada de nada. Di que se atopan no Concello cunha plantilla que máis da metade ronda esa idade. Manifesta que fai o – Concello. O problema resulta que este traballador se tira catro anos, resulta que ten que pasar un proceso selectivo, todo o que se gastou para formalo e que sexa produtivo non ven ao caso. Di que queren que teñan en conta que o o que se determinou foron uns criterios para son ser discriminatorios para facelo de forma que aquela persoa poda acceder, di que non se están saltando a lei baixo ningún concepto como dicía vostede D. Germán e D. Emilio se está axustando ao que di a lei. Di que necesitan que haxa uns criterios para poder acceder, aquí hai que ter un acordo entre ambas partes. Sobre todo hai que ter en conta o recente acordo do Pacto Toledo sobre as pensións que recomentan acerca da idade de xubilación á idade legal.

Intervén D. Emilio José Sánchez dicindo que el non dixo que estaban rozando a ilegalidade, dixo que xa había lexislación suficiente a nivel estatal para a xubilación. Tampoco di que non lera, dixo que a cuestión que le vostede é o que está na proposta da alcaldía. Se ese traballador cumpre os requisitos, humildemente cren que non é preciso este regulamento.

Intervén D. Jaime Germán dicindo que el que non dixo nada de saltarse a lei. O que si ten claro que, nada que se traía aquí vaise saltar a lei. Despois rápidamente vanse a iso, moléstase o di con toda a educación, eles falan da arbitrariedade, o que dixo que, en caso similares fagan cousas diferentes, di que entenden que é un gasto, son os primeiros de que os gastos do Concello son de todos e que hai que administralos, de todas formas vanse dar casos de xente que cumpra todos os requisitos e alomellor entende que non. Con respecto ao de ler ou non, o que quere dicirle é que se poden dar unhas explicacións un pouco máis claras, di que é doutra forma, para non vir aquí e non meter a pata, di que non o tomen ao personal.

Intervén D^a Katherinie Varela dicindo que cando ela expuxo este tema, di que as comisións infromativas son para aclarar dudas dos concelleiros, e no pleno solicita facer unha aclaración para os cidadáns que o ven o pleno. Dille que lle chama a atención que un sindicalista como vostede non tire máis polos empregados, di que cre que cos criterios que se establece no segundo punto sobra o primeiro punto. Si retiramos o primeiro punto queda un pouco máis bonito á vista dos empregados.

Intervén D^a Gloria Prada dicíndolle a D. Emilio que xa sabe que hai unha lexislación xa que é coñecedora debido á súa profesión, a estas alturas da película non se vai rasgar as vestiduras o que lle digan. Por outra banda, tampouco hai máis que explicar que o regulamento. Cando a xunta dite unha lei o que teñen que facer é pedir unha explicación, que lla fagan a vostede, espero que tamén sexa proclive a solicitar iso. Di que eles non queren ser inxuntos, queren aplicar a lei dunha forma máis obxectiva. Di que hai uns técnicos que van ser os que informen, non vai ser o equipo de goberno.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que ler é bo para todos. Di que o Concello é unha empresa pública e que hai que ser coherente, senón tivera custe, encantados todos. Hai casos en que ao mellor teñen unhas circunstancias debido á saúde, pero hai outros que na mesma idade, simplemente porque queiran, isto non é unha discriminación, obedece a circunstancias diferentes. Darase cando estea xustificada, di que el tira polos empregados que cumpren, polos que non cumpren non, porque todos teñen obrigaón de cumprir o seu traballo, na pública e na privada, uns rinden e hai que agradecerllo e hai outros que non, e non poden



ter o mesmo tratamento. Os criterios di que son necesarios, xustamente para evitar arbitrariedade.

Dille a D. Germán que na súa primeira intervención falou de orzamentos que os vai ter en tempo e forma, como establece a lei, con máis tempo dos que lle daban a el. Por un lado di que non é ilegal, e por outro di que non sexa arbitrario, xustamente facer algo que vai en contra da lei.

Sometido o asunto a votación apróbase por maioría con dez votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e catro abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal do Partido Popular e do concelleiro D. Jaime Germán Vázquez Pérez, Grupo Mixto-Esperta Monforte e un voto en contra de D. Emilio José Sánchez Iglesias, Grupo Mixto-BNG.

6º.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL DE TRÁFICO.

O ditame é favorable á proposta da Alcaldía, con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal socialista e catro abstencións dos concelleiros/as do grupo municipal do PP e dos concelleiros/as do Grupo Mixto, e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da alcaldía.

“APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL DE TRÁFICO.

PRIMEIRO.- A Xunta de Goberno Local con data 14 de setembro de 2020 adoptou entre outros o seguinte acordo:

“PEATONALIZACIÓN RÚAS

Á proposta da Alcaldía a Xunta de Goberno Local ACORDA iniciar os trámites para a peatonalización das rúas Armando Cotarelo e Abelardo Baanante debendo realizar informe previo por parte da Unidade da Policía Local do Concello.”.

SEGUNDO.- Con data 13.10.2020 o oficial xefe accidental da Policía Local emitiu o seguinte informe:

“En cumprimento do requerimento de emisión por esta Policía Local de informe previo relativo á peatonalización das rúas Abelardo Baanante e Armando Cotarelo segundo acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 14 de setembro de 2020, comunico a Vd. o seguinte:

Dende hai tempo, en ambas rúase véñense rexistrando incidencias e queixas de veciños residentes nas mesmas debidas fundamentalmente ós trastornos que lles



causa o estacionamento de vehículos nelas o producir situacións de imposibilidade de acceso o interior das súas vivendas ou de danos nos elementos das fachadas o circular demasiado cerca destas por non dispoñer de espazo suficiente na calzada por haber outros estacionados. En concreto, na rúa Abelardo Baanante, hai meses foi preciso instalar dous bolardos a altura do nº 16 para garantir eficazmente ás persoas propietarias e usuarias do mesmo o acceso ou saída del dada a frecuencia de estacionamentos de vehículos tan próximos á porta que o impedían ou dificultaban gravemente, e en datas recentes (28-08-2020, rexistro entrada nº 2020/00017684) foi presentado escrito polo veciño residente no nº 9 dando conta dos danos que sofre nas baixantes de augas pluviais causados por vehículos que circulan demasiado próximos á fachada; mentres que na rúa Armando Cotarelo foi necesaria a mesma actuación fronte do nº 7 para permitir o acceso o Museo Lodeiro, instalado en dito inmovible e en funcionamento dende xullo de 2018.

As dúas presentan similares condicións urbanísticas que as fan pouco compatibles co tráfico e estacionamento de vehículos, destacando polo seu deseño de traza antiga de forma que non manteñen unha anchura regular en toda a súa lonxitude, estando por debaixo dos cinco metros nalguns tramos e especialmente nas entradas dende Praza de Dr. Goyanes, carecen de beirarrúas, a excepción dun pequeno tramo no caso de Armando Cotarelo o cal queda anulado habitualmente pola escasa anchura de que dispón e a invasión do mesmo pola parte dianteira dos estacionados o facelo en batería, e de elementos de diferenciación do espazo destinado a vehículos do dos restantes usuarios. Na actualidade o estacionamento está autorizado nunha das marxes, salvo os tramos máis próximos á praza de Dr. Goyanes en que está prohibido o igual que a parada.

Abelardo Baanante non ten saída a outras rúas de forma que calquer vehículo que entre ten que facer un cambio de sentido no interior da mesma coas dificultades que presenta esta manobra polo pouco espazo e por tratarse dun tramo de gran pendente, e volver a saír pola mesma parte que entrou, ou facelo marcha atrás percorrendo para elo un longo treito con pouca visibilidade e espazo de manobra, situación esta que se repite practicamente nas mesmas condicións tamén en Armando Cotarelo, pois aínda que dispón de conexión con Rúa Huertas, non resulta practicable debido a que require facer un xiro de noventa graos na zona máis estreita da mesma, polo que a opción casi unánime dos usuarios e volver a saír por Dr. Goyanes, e en moitas ocasións tamén circulando marcha atrás, aínda con menos visibilidade e anchura disponible que no caso de Abelardo Baanante

Segundo os datos obrantes nesta Policía Local, son numerosas as chamadas de veciños por problemas de acceso a vivendas ou circulación provocados polos vehículos estacionados, en maior medida en rúa Abelardo Baanante pero tamén en Armando Cotarelo, en que a medida cautelar de retirada co guindastre prevista na normativa vixente en materia de tráfico, circulación de vehículos e seguridade vial, (art. 105 do R.D.L. 6/2015 de 30 de outubro), que era a procedente, non foi posible aplicala nalgunhas ocasións debido a imposibilidade de utilizar dito medio pola gran pendente que presenta a primeira, así como pola xa citada escasa anchura da vía de

ambas, e noutras derivou nun excesivo alargamento da actuación no tempo, cuxo efecto resultou ser similar a non retirada, falta de seguridade e graves dificultades para acadar a retirada do causante da obstaculización nos casos en que se levou a cabo.

Concurren ademáis outras circunstancias, como son no caso da rúa Abelardo Baanante que constitúe un dos principais accesos peonís o Colexio Fundación Torre de Lemos, o que fai que nos horarios de entrada e saída do centro sexa utilizada por un elevado número de menores, moitos deles non acompañados, polo que dada a carencia de beirarrúas ou espazo peonil diferenciado increméntase o risco de atropelo durante estes períodos, e no de Armando Cotarelo que nesta vía atópanse dous elementos de atractivo turístico que son o edificio máis estreito de España e o Museo Lodeiro que a convirten en punto de presenza habitual de visitantes, os cales se atopan no mesmo espazo que os vehículos facendo as maniobras de entrada e saída nas condicións antes descritas co conseguinte risco de atropelo que isto supón, así como que a propia presenza de vehículos o tratarse dun espazo tan reducido, aínda que sexa simplemente estacionados, non se considera adecuada para un punto de interese turístico.

Por último, compre ter en conta a necesidade de garantir o acceso de vehículos de emerxencias, especialmente de extinción de incendios e asistencia sanitaria, a calquer punto da vía en calquer momento en que sexa necesario, o que na situación actual non sempre resultaría posible nos casos de existencia de estacionados, especialmente respecto dos camións do servizo de extinción de incendios.

En consecuencia das circunstancias que afectan a ambas rúas que se veñen de expoñer, e ante a consideración de que o dereito das persoas propietarias e residentes nas mesmas a ter garantido en todo momento o normal e inmediato acceso ás vivendas, así como a súa seguridade e a dos demais usuarios, especialmente dos peóns, ten que ser preferente a calquera outra cuestión de organización ou uso da vía preexistente, por esta Policía Local infórmase favorablemente a peatonalización das mesmas por entender que a supresión do tráfico rodado en ambas é a medida que mellor permite dar solución os problemas que presentan na actualidade, non afecta á organización do tráfico da zona en que se atopan o tratarse de vías sin saída e considérase unha actuación apropiada para ambas dada a súa tipoloxía urbanística e ubicación.

Achégase anexo coa proposta de sinalización a instalar no caso de levar a cabo a peatonalización

A) SINALIZACIÓN PROPOSTA PARA RÚA ABELARDO BAANANTE.

- *Sinal vertical R-100, de prohibición de circulación a toda clase de vehículos.*
- *Panel complementario S-860 coa lenda “EXCEPTO AUTORIZADOS”.*



Nº. 423/2020

*Pleno da Corporación
Sesión ordinaria 26.10.2020*



ASUNTO: INFORME SOBRE PEATONALIZACIÓN DAS RÚAS ABELARDO BAANANTE E ARMANDO COTARELO.

B) SINALIZACIÓN PROPOSTA PARA RÚA ARMANDO COTARELO.

- *Sinal vertical R-100, de prohibición de circulación a toda clase de vehículos. (Entrada desde Praza de Dr. Goyanes).*
- *Panel complementario S-860 coa lenda "EXCEPTO AUTORIZADOS". (Entrada desde Praza de Dr. Goyanes).*





Nº. 423/2020

ASUNTO: INFORME SOBRE PEATONALIZACIÓN DAS RÚAS ABELARDO BAANANTE E ARMANDO COTARELO.

- Sinal vertical R-100, de prohibición de circulación a toda clase de vehículos. (Entrada desde R/Huertas).



TERCEIRO.- Con data 15 de outubro do 2020 o Secretario Xeral emitiu o seguinte informe que se transcribe:

1º.-As vías peonís no Concello de Monforte de Lemos, veñen recollidas na Ordenanza Municipal de Tráfico Anexo I-B Vías Peonís, aprobada polo Pleno da Corporación na súa sesión de 26.07.2016.

2º.-O anexo forma parte da citada ordenanza polo que, para a inclusión de novas vías é necesario a observación de trámites previos previstos para a modificación da citada ordenanza.

3º.- O Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, dispón no seu art. 56 que a aprobación das Ordenanzas Locais axustarase ao procedemento establecido no art. 49 da Lei 7/85, do 2 de abril, debendo observarse para a modificación das ordenanzas e regulamentos os mesmos trámites que para a súa aprobación.

En efecto, a tramitación que establece no seu art. 49 axústase aos seguintes trámites:

d) Informes previos.

O artigo 3.3 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, recolle dentro das atribucións que comprende a función de asesoramento legal preceptivo que en todo caso se emitirá informe previo no suposto de aprobación ou modificación de Regulamentos.

e) Aprobación inicial polo Pleno.

Logo do informe previo, ao Pleno correspóndelle a aprobación inicial, conforme establece o art. 49 a) LRBRL.

f) Información pública e audiencia dos interesados.

O art. 49 b) LRBRL determina que se ten que abrir, unha vez aprobado inicialmente, un período de información pública e audiencia aos interesados, non inferior a trinta días, para a presentación de reclamacións e suxerencias.

d) Resolución de todas as reclamacións e suxerencias presentadas dentro do prazo e aprobación definitiva polo Pleno.

No caso de que non se houbera presentado ningunha reclamación ou suxerencia, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

4º.- *De acordo co disposto no art. 47.1 da Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local que dispón que “los acuerdos de las corporaciones locales se adoptan, como regla general, por mayoría simple de los miembros presentes. Existe mayoría simple cuando los votos afirmativos son más que los negativos”, ao no ser o presente acordo ningún dos recollidos no apartado 2 do citado art. 47, a mayoría precisa para a adopción do acordo é maioría simple.”*

Polo que vai dito, e en base ao informe, propónse que o Pleno do Concello adopte o seguintes ACORDOS:

1º.- *Aprobar inicialmente a MODIFICACIÓN DO ANEXO I-B VÍAS PEONÍS DA ORDENANZA MUNICIPAL DE TRÁFICO que quede redactado da forma seguinte:*

ANEXO I-B. Vías Peonís

. Rúa CARDENAL RODRIGO DE CASTRO, tramo dende cruzamento con Avenida de Galicia ata Praza de España.

.Rúa MANUEL HERMIDA BALADO. Completa.

.Rúa COMERCIO. Completa.

.PRAZA DE ESPAÑA. Parte correspondente á Praza, ata enlace con rúa Bailén.

.Rúa DOUTOR TEIXEIRO, tramo entre Praza de Abastos e Praza de España.

. Rúa DOUTOR TEIXEIRO, tramo entre rúa Roberto Baamonde e Xulio Camba.

.Rúa ABELARDO BAANANTE. Completa.

. Rúa ARMANDO COTARELO. Completa.

2º.- *Abrir un período de información pública e audiencia aos interesados, por un prazo de trinta días, para a presentación de reclamacións e suxerencias mediante inserción do anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos da Corporación. “*

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Emilio José Sánchez amosando o seu voto favorable, canto máis rúas mellor, votan a favor diso e os anima a seguir as máis posibilidades que se podan dar.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez amosando o seu voto favorable. Aproveita para que se sigan facendo uso dos informes policiais en todas as circunstancias, agora coa da ponte do malecón.

Intervén D^a Katherinie Varela dicindo que o seu voto será a favor, pregunta que na plataforma de contratación unha das rúas que está na ordenanza de tráfico, falan de bolardos, o que quere saber é que se van colocar bolardos na saída das rúas, e pregunta se na rúa cardenal van colocar bolardos móbiles. .

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que o Cardenal hoxe non toca. Dille a D. Germán que a ponte será legal e a D^a Katherinie dille que na rúa Armando Cotarelo haberá algún bolardo , en Abelardo Baanante en principio non. Di que vai haber unha remodelación completa dese

entorno o resto das rúas substituírse ese firme de cemento centenario, e no acceso que hai na rúa Abelardo Banante hai unhas escaleiras en moi mal estado, en canto ao resto de Armando Cotarelo será o mesmo tratamento pétreo que na rúa Abelardo Baanante.

Intevén D. Germán dicindo que el dixo que seguiran pedindo informes policiais, por exemplo, nos accesos ao ambulatorio, pídaos para un sentido único en José de Garabantes, pídaos para o fondo da corredoira, para cruzar hacia a ponte de madeira, iso é o que dixo, di que cre que se lle entende ben.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que vostede falou da ponte e iso está gravado, os demais pediremos os informes que consideremos oportunos, di que eles teñen que gobernar co programa que votaron os cidadáns.

Sometido o asunto a votación apróbase por unanimidade cos votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, dos concelleiros/as do Grupo Municipal do Partido Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto.

7º.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO DE AUGA.

O ditame é favorable á proposta da Alcaldía, con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal socialista e catro abstencións dos concelleiros/as do grupo municipal do PP e dos concelleiros/as do Grupo Mixto, e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da alcaldía.

“1º.-A Xunta de Goberno Local con data 5 de outubro do 2020 adoptou o seguinte acordo:

“SOLICITUDES PRESENTADAS PARA SUBMINISTRO DE AUGA

Examinado o informe emitido pola Asistencia técnica en Urbanismo do Concello en relación coa esixencia de licenzas de primeira ocupación para o subministro de auga a vivendas.

Examinado o informe pola Técnica de Administración Xeral en relación a esixencia de licenza definitiva en aperturas de establecementos por parte da empresa Aqualia para o subministro de auga para actividades económicas e cambios de titularidade nos mesmos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, adopta os seguintes acordos:

PRIMEIRO.-Comunicar á empresa Aqualia que, en relación con esixencia de licenza de primeira ocupación, non será esixible para aquelas vivendas cuxa licenza fose concedida ou solicitada antes da entrada en vigor da Lei 18/2008, de 29 de decembro, é dicir, con anterioridade ao 20 de abril de 2009, por aplicación do disposto na Lei 8/2012 de 29 de xuño de Vivenda de Galicia.



SEGUNDO.-En relación coas actividades económicas determinar que dende a entrada en vigor da Lei 9/2013 de 19 de decembro de Empredemento e a Competencia económica de Galicia, é dicir, dende o 28 de decembro de 2013 non é esixible a licenza de actividade xa que foi substituída pola comunicación previa que deberá realizar ante o Concello.

TERCEIRO.- Elevar á consideración do Pleno do Concello de Monforte de Lemos a modificación do Regulamento do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento, co obxecto de corrixir as contradicións existentes entre o seu texto coa normativa publicada con posterioridade. “

2º.-Con data 14 de outubro do 2020 a Enxeñeira técnica municipal emitiu o seguinte informe:

“Antía Nieves Rodríguez, como técnica de servizos do concello de Monforte de Lemos, con respecto ás solicitudes de conexións ás redes de abastecemento e saneamento do Concello de Monforte de Lemos

INFORMA

O “REGLAMENTO DEL SERVICIO MUNICIPAL DE ABASTECIMIENTO DE AGUA Y SANEAMIENTO” en vigor publicado no BOP de Lugo número 133 de 12 de xuño de 2003, di:

“CAPITULO II. -SUMINISTRO DE AGUA, CONEXIÓN DE VERTIDOS Y PÓLIZA DE ABONO.

Artículo 8.

Se denomina póliza de abono al contrato suscrito entre el concesionario y el abonado, que incluye los términos y condiciones pactados para el suministro de agua y la prestación del servicio de saneamiento.

Para la petición del suministro:

- En el caso de vivienda nueva, el usuario presentará la licencia de primera ocupación y el boletín de instalación de fontanería de la Delegación de Industria.

- En caso de una obra, el peticionario presentará la licencia para la misma, realizándose un contrato de agua de obra que se tendrá que dar de baja una vez terminada.

- En caso de una industria o comercio, el usuario presentará la licencia municipal de apertura o el recibo de IAE.

En ningún caso se procederá a suministrar si no se realizan los anteriores requisitos.

En los casos en los que está constituida la comunidad de propietarios con contador general único, ésta deberá suscribir una póliza de abono general.

No se le suscribirá contrato de suministro a aquel usuario con recibos pendientes de cobro, sea cual sea la situación del nuevo suministro solicitado.

Bajo ningún concepto se harán concesiones gratuitas, cualquiera que sea el carácter y naturaleza del peticionario, considerándose caducadas las que actualmente puedan existir.

*Pleno da Corporación
Sesión ordinaria 26.10.2020*

El traslado de domicilio y ocupación del mismo local por persona distinta a la que formalizó el contrato, exige nuevo contrato o, de ser el caso, la subrogación del anterior siempre que se cumplan todos los requisitos de este reglamento.

No se autorizarán altas ni bajas temporales, excepto en lo especificado en el artículo 11º."

(...)

Artículo 14.

La prestación del servicio se clasificará según lo especificado en la ordenanza fiscal por los tipos de tarifas, pero como norma general será:

1. Usos domésticos. Son aquellos en los que el agua se utilizar exclusivamente para atender necesidades primarias de la vida, preparación de los alimentos e higiene personal.

Se les aplicará esta modalidad a los locales destinados a viviendas, siempre que en ellos no se realice actividad industrial, comercial, profesional, ni de servicios de cualquier tipo.

2. Usos comerciales e industriales. Son aquellos en los el agua constituye un elementodirecto o indirecto de un proceso de producción o en los que se utiliza para el acondicionamiento, limpieza o higiene en un establecimiento profesional, comercial, industrial o de servicios. Se les aplicará esta modalidad a todos los locales o establecimientos en los que se desempeñe una actividad industrial, comercial, profesional o de servicios, sea o no lucrativa, así como a centros de enseñanza, deportivos, clubes sociales y recreativos, garajes y, en general, para todos aquellos no destinados a vivienda.

Tendrán la consideración de usos industriales aquellos usos, potencialmente domésticos, para los que, como resultado de las inspecciones y análisis que realizará el servicio municipal o los laboratorios autorizados para el efecto, se determinará una contaminación impropcedente de las aguas residuales, sin perjuicio de las responsabilidades en las que incurriese el actuante.

3. Usos municipales. Son aquellos que les corresponden a los edificios e instalaciones municipales.

El Ayuntamiento le autoriza al concesionario instalar contadores en todos y cada uno de los puntos de suministro que le afecten, calculándose por los servicios técnicos del concesionario los consumos municipales donde, por las circunstancias de dichos puntos, no se pueda instalar un contador.

4. Uso para obras. Son aquellos en los que el agua se usa en la construcción.

5. Usos especiales. Se consideran suministros especiales aquellos no incluidos en las modalidades anteriores."

Actualmente, non existe ningunha casuística recollida no Reglamenteo para subministros de auga e conexión a saneamento para vivendas xa existentes e antigas.

Ademáis, no caso de industria e comercio a normativa a respecto das licencias de actividade tamén cambiou, hoxe habilita para abrir a comunicación previa.

A respecto dos usos agrarios, gandeiros e forestais tampouco hai nada recollido.



PROPÓN:

Que se modifique o “REGLAMENTO DEL SERVICIO MUNICIPAL DE ABASTECIMIENTO DE AGUA Y SANEAMIENTO”, no sentido de que:

- 1. Se habilite e regule a posibilidade de conectarse á rede de abastecemento e saneamento por parte de vivendas existentes e que non dispoñen de licencia de primeira ocupación ou célula de habitabilidade, presentando un certificado asinado por técnico competente donde recolla a antigüidade da vivenda así como a condición de habitabilidade.*
- 2. Que se actualice o apartado de industria e comercio adaptándoo ás normativas vixentes, onde a comunicación previa habilita para abrir.*
- 3. Os usos agrarios, gandeiros e forestais, incluíranse dentro dos usos comerciais e industriais
Agás proba en contrario, os usos agrarios, gandeiros e forestais a que se refire o parágrafo anterior serán os efectuados polos suxeitos pasivos que realicen as ditas actividades e figuren inscritos no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia creado polo Decreto 253/2008, do 30 de outubro.”*

4º.- Con data 15 de outubro o Secretario Xeral Emitiu o seguinte informe que sinala:

“1º.- O Regulamento do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento foi aprobado polo Pleno da Corporación na súa sesión de 18 de novembro do 2000.

2º.- É necesario a súa modificación co obxecto de correxir as contradicións existentes entre o seu texto coas normativas aprobadas con posterioridade a súa aprobación, así como a regulación de situacións que non encontran encaixe normativo.

3º.- O Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, dispón no seu art. 56 que a aprobación das Ordenanzas Locais axustarase ao procedemento establecido no art. 49 da Lei 7/85, do 2 de abril, debendo observarse para a modificación das ordenanzas e regulamentos os mesmos trámites que para a súa aprobación.

En efecto, a tramitación que establece no seu art. 49 axústase aos seguintes trámites:

g) Informes previos.

O artigo 3.3 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, recolle dentro das atribucións que comprende a función de asesoramento legal preceptivo que en todo caso se emitirá informe previo no suposto de aprobación ou modificación de Regulamentos.

h) Aprobación inicial polo Pleno.

Logo do informe previo, ao Pleno correspóndelle a aprobación inicial, conforme establece o art. 49 a) LRBRL.

*Pleno da Corporación
Sesión ordinaria 26.10.2020*

i) Información pública e audiencia dos interesados.

O art. 49 b) LRRL determina que se ten que abrir, unha vez aprobado inicialmente, un período de información pública e audiencia aos interesados, non inferior a trinta días, para a presentación de reclamacións e suxerencias.

d) Resolución de todas as reclamacións e suxerencias presentadas dentro do prazo e aprobación definitiva polo Pleno.

No caso de que non se houbera presentado ningunha reclamación ou suxerencia, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

4º.- De acordo co disposto no art. 47.1 da Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local que dispón que “los acuerdos de las corporaciones locales se adoptan, como regla general, por mayoría simple de los miembros presentes. Existe mayoría simple cuando los votos afirmativos son más que los negativos”, ao no ser o presente acordo ningún dos recollidos no apartado 2 do citado art. 47, a mayoría precisa para a adopción do acordo é maioría simple.”

Polo que vai dito, e en base aos informes, propónse que o Pleno do Concello adopte o seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO.-*Aprobar inicialmente a Modificación dos artigos 8 e 14 do REGULAMENTO DE ABASTECIMIENTO E SANEAMIENTO DE AUGA do seguinte xeito:*

“CAPITULO II.- SUMINISTRO DE AGUA, CONEXIÓN DE VERTIDOS Y PÓLIZA DE ABONO.

Artículo 8.

Se denomina póliza de abono al contrato suscrito entre el concesionario y el abonado, que incluye los términos y condiciones pactados para el suministro de agua y la prestación del servicio de saneamiento.

Para la petición del suministro:

- En el caso de vivienda nueva, el usuario presentará la licencia de primera ocupación y el boletín de instalación de fontanería de la Delegación de Industria.

- En el caso de una vivienda ya existente que, no disponga de licencia de primera ocupación, se presentará un documento firmado por técnico competente en el que se acredite la antigüedad de la vivienda, así como que reúne las necesarias condiciones de habitabilidad.



- En caso de las ejecuciones de obras, el peticionario presentará la licencia concedida para la misma, realizándose un contrato de agua de obra que se tendrá que dar de baja una vez terminada.

- En caso de una industria o comercio, el usuario presentará la licencia municipal de apertura, comunicación previa o justificante de alta en el censo de impuestos sobre actividades económicas, de acuerdo con la normativa de aplicación en cada momento.

- En el caso de usos agrarios, ganaderos y forestales el solicitante deberá aportar copia auténtica de la ficha de inscripción en el Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia

En ningún caso se procederá a suministrar si no se realizan los anteriores requisitos.

En los casos en los que está constituida la comunidad de propietarios con contador general único, ésta deberá suscribir una póliza de abono general.

No se le suscribirá contrato de suministro a aquel usuario con recibos pendientes de cobro, sea cual sea la situación del nuevo suministro solicitado.

Bajo ningún concepto se realizará el suministro de forma gratuita, cualquiera que sea el carácter y naturaleza del peticionario, considerándose caducadas las que actualmente puedan existir.

El traslado de domicilio y ocupación del mismo local por persona distinta a la que formalizó el contrato, exige nuevo contrato o, de ser el caso, la subrogación del anterior siempre que se cumplan todos los requisitos de este reglamento.

No se autorizarán altas ni bajas temporales, excepto en lo especificado en el artículo

(...)

Artículo 14.

La prestación del servicio se clasificará según lo especificado en la ordenanza fiscal por los tipos de tarifas, pero como norma general será:

1. Usos domésticos. Son aquellos en los que el agua se utilizar exclusivamente para atender necesidades primarias de la vida tales como limpieza, preparación de alimentos e higiene personal.

Se aplicará esta modalidad a los locales destinados a viviendas, siempre que en ellos no se realice actividad industrial, comercial, profesional, ni de servicios de cualquier tipo.



2. Usos comerciales e industriales. Son aquellos en los el agua constituye un elemento directo o indirecto de un proceso de producción o en los que se utiliza para el acondicionamiento, limpieza o higiene en un establecimiento profesional, comercial, industrial o de servicios.

Se aplicará esta modalidad a todos los locales o establecimientos en los que se desempeñe una actividad industrial, comercial, profesional o de servicios, sea o no lucrativa, así como a centros de enseñanza, deportivos, clubes sociales y recreativos, garajes y, en general, para todos aquellos no destinados a vivienda.

Tendrán la consideración de usos industriales aquellos usos, potencialmente domésticos, para los que, como resultado de las inspecciones y análisis que realizará el servicio municipal o los laboratorios autorizados para el efecto, se determinará una contaminación impropia de las aguas residuales, sin perjuicio de las responsabilidades en las que incurriese el actuante.

3. Usos agrarios, pecuarios y forestales asimilados a industriales o comerciales. Son los correspondientes a las actividades clasificadas en la Sección A, Divisiones 01 y 02, de la Clasificación Nacional de Actividades Económicas, aprobado por Real Decreto 475/2007, de 13 de abril.

Salvo prueba en contrario, los usos agrícolas, ganaderos y forestales a que se refiere el párrafo anterior serán los que realicen los contribuyentes que realicen estas actividades y estén inscritos en el Registro de Explotaciones Agrarias de Galicia creado por el Decreto 253/2008, de 30 de octubre. , que crea y regula el registro de explotaciones agrícolas en Galicia.

3. Usos municipales. Son aquellos que les corresponden a los edificios e instalaciones municipales.

El Ayuntamiento autoriza al concesionario instalar contadores en todos y cada uno de los puntos de suministro que le afecten, calculándose por los servicios técnicos del concesionario los consumos municipales donde, por las circunstancias de dichos puntos, no se pueda instalar un contador.

4. Uso para obras. Son aquellos en los que el agua se usa en la construcción.

5. Usos especiales. Se consideran suministros especiales aquellos no incluidos en las modalidades anteriores.

SEGUNDO.- *Abrir un período de información pública e audiencia aos interesados, por un plazo de treinta días, para a presentación de reclamacións e suxerencias mediante inserción do anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos da Corporación. “*

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

.../...

Intervén D. José Luis Losada dicindo que a modificación ven motivada polas repetidas queixas dos veciños deste Concello xa que cando solicitan a alta de auga, pídenlle dende a empresa a licenza de primeira ocupación e dende a entrada en vigor da Lei 8/2012 sobre declaración non se lles pode esixir esa licenza de primeira ocupación posto que isto é esixible do ano 2012. Por este motivo se propón a modificación do regulamento e abastecemento de auga, anteriores a decembro de 2012, sobre licenza de primeira ocupación, dado que as vivendas anteriores a esta data non lle ñe esixible. Tamén ás explotacións gandeiras para o gando.

Sometido o asunto a votación apróbase por unanimidade cos votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, dos concelleiros/as do Grupo Municipal do Partido Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto.

8º.- INADMISIÓN, CON BASE NA PROPOSTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 28 DE SETEMBRO DE 2020, DO RECURSO REPOSICIÓN INTERPOSTO POLA AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DE MONFORTE DE LEMOS CONTRA O ACORDO DO PLENO, DE DATA 27 DE XULLO DE 2020, POLO QUE SE APROBOU O REGULAMENTO DE AGRUPACIÓN MUNICIPAL DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS.

O ditame é favorable á proposta da Alcaldía, con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal socialista e catro abstencións dos concelleiros/as do grupo municipal do PP e dos concelleiros/as do Grupo Mixto, e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da alcaldía.

“PRIMEIRO.- Con data 18.09.2020 RE 19337 a Agrupación de Voluntarios de Protección Civil presente recurso de reposición contrata o acordo do Pleno da Corporación de data 27 de xullo do 2020.

SEGUNDO.- Examinado o informe emitido pola Secretaría Xeral do Concello con data 25 de setembro.

TERCEIRO.- Examinado o acordo da Xunta de Goberno Local de data 28 de setembro do 2020 que sinala:

““RECURSO REPOSICIÓN PRESENTADO POR AVPC MONFORTE DE LEMOS

Visto o informe de Secretaría de data 25 de setembro do 2020 que sinala:

“Visto o recurso de reposición presentado por AVPC Monforte de Lemos con data 18.09.2020 RE 19337 fronte a resolución do Pleno da Corporación de data 27 de xullo do 2020.

Visto o artigo 112 da Lei 39/2015 no seu apartado 3 que sinala:

“3. Contra las disposiciones administrativas de carácter general no cabrá recurso en vía administrativa.

Los recursos contra un acto administrativo que se funden únicamente en la nulidad de alguna disposición administrativa de carácter general podrán interponerse directamente ante el órgano que dictó dicha disposición.”

Polo exposto, PROPOÑO a inadmisión de recurso presentado por AVPC de Monforte de Lemos.”

Á vista do que antecede, a Xunta de Goberno Local por unanimidade ACORDA PROPOÑER ao Pleno a inadmisión do recurso presentado pola AVPC Monforte de Lemos”.

Polo que vai dito, e en base ao informe, proponse que o Pleno do Concello adopte o seguinte ACORDO:

1º.- INADMITIR, de acordo coa proposta da Xunta de Goberno local, de data 28 de setembro de 2020, o recurso de reposición presentado pola AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DE MONFORTE DE LEMOS contra o acordo do Pleno, de data 27 de xullo de 2020, polo que se aprobou o Regulamento de agrupación municipal de voluntarios de protección civil do Concello de Monforte de Lemos”.

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

.../...

Intervén D^a Katherinie Varela dicindo que quere facer unha pregunta máis xurídica que de fondo a inadmisión deste recurso conforme á lei 39/2015, estudiando o Regulamento si se considera se pode admitir o recurso de reposición. No artigo 211 da opción a interponer recurso de reposición.

Intervén D. Ibán Torres dando lectura á lei.

Intervén D^a Katherinie Varela dicindo que non lle contestaron aos artigos 210 en diante do ROF.

Intervén D. Ibán Torres contestando que se remite ao informe de data 25 de setembro.



Sometido o asunto a votación apróbase por maioría con doce votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e dos concelleiros do Grupo Mixto e tres abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal do Partido Popular.

9º.-MODIFICACIÓN ORDENANZAS FISCAIS 2021.

O ditame é favorable á proposta da Alcaldía, con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal socialista e catro abstencións dos concelleiros/as do grupo municipal do PP e dos concelleiros/as do Grupo Mixto, e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da alcaldía:

“Respecto da Ordenanza Fiscal Xeral dos Ingresos Municipais actualízase o calendario fiscal para o exercicio 2021, e modifícase o apartado relativo ás débedas tributarias aprazables, modificándose o importe das débedas non aprazables que pasa de 300€ a 100€.

Establécense tres tramos para o aprazamento e fraccionamento de débedas, ata 12 meses, ata 18 meses e ata 24 meses.

En canto a ordenanza fiscal do imposto sobre bens inmobles establécense que as excepcións de carácter rogado deberán solicitarse para que teñan efectos no padrón do exercicio antes do 30 de xuño de cada exercicio, data anterior ao do peche do padrón anual. O mesmo prazo queda establecido para as bonificacións por familias numerosas.

No imposto sobre construcións, instalacións establécense que as bonificacións por declaración de especial interese deberán solicitarse dentro do período comprendido dende a data da solicitude da licenza de obras a data da finalización do prazo de ingreso en período voluntario da liquidación provisional.

Así mesmo establécense o réxime de autoliquidación no suposto de presentación de declaración responsable ou comunicación previa.

E respecto da taxa pola prestación de servizos no cemiterio municipal modifícase a regulación do suxeito pasivo, e introdúcese no apartado de xestión o parágrafo referido ao sistema de xestión de concesións sobre nichos, cabidas e sepulturas.

Visto o informe da Intervención municipal e o que dispón o artigo 17 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, previo ditame da Comisión Informativa de Servizos Centrais,

PROPONSE ao Pleno Municipal adoptar os seguintes **ACORDOS**:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente as modificacións das seguintes Ordenanzas Fiscais:

1.1) ORDENANZA XERAL DOS INGRESOS MUNICIPAIS DE DEREITO PÚBLICO

A) Modificar artigo 13 “Calendario Fiscal” - Períodos de cobro Tributos.
Quedando redactado do seguinte xeito:

ARTIGO -13- CALENDARIO FISCAL

1. Con carácter xeral establécese que os períodos para pagar os tributos de carácter periódico serán os seguintes:

TRIBUTO	PERÍODO	DATAS DE PAGO	
		DENDE	ATA
a. Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica	Anual	15/04/2021	15/06/2021
b. Imposto de Bens Inmóviles	Anual	05/08/2021	06/10/2021
c. Imposto sobre Actividades Económicas	Anual	17/08/2021	18/10/2020
d. Taxa pola recollida de lixo	6º bimestre 2020	26/02/2021	26/04/2021
	1º bimestre 2021	27/04/2021	29/06/2021
	2º bimestre 2021	25/06/2021	25/08/2021
	3º bimestre 2021	26/08/2021	26/10/2021
	4º bimestre 2021	27/10/2021	27/12/2021
	5º bimestre 2021	28/12/2021	28/02/2022
e. Taxa pola prestación do servizo nas escolas deportivas municipais	6º bimestre 2021	28/02/2022	29/04/2022
	2ª fracción curso 2020/2021	05/03/2021	05/05/2021
	1ª fracción curso 2021/2022	22/10/2021	22/12/2021
f. Taxa de auga rede e sumidoiros	6º bimestre 2020	31/12/2020	01/03/2021
	1º bimestre 2021	03/03/2021	03/05/2021
	2º bimestre 2021	30/04/2021	30/06/2021
	3º bimestre 2021	01/07/2021	01/09/2021
	4º bimestre 2021	02/09/2021	02/11/2021
	5º bimestre 2021	02/11/2021	03/11/2021
g. Resto de taxas	6º bimestre 2021	31/12/2021	28/02/2021
		21/09/2021	22/11/2021

2.- As variacións nos períodos de pago sinalados no punto anterior serán aprobados pola Xunta de Goberno Local.

3.- O Calendario fiscal publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

4.- Cando se modifique o período de cobro dun tributo de vencemento periódico, non



será preciso notificar individualmente dita circunstancia.

*B) Modificar o parágrafo sexto do artigo 14 "Domiciliacións"
Quedando redactado do seguinte xeito:*

ARTIGO- 14 DOMICILIACIONES

(.....)

A domiciliación do imposto sobre bens inmobles de natureza urbana, nos recibos de importe superior aos 100€, implicará o seu fraccionamento en dous períodos, de xeito que o primeiro cargo realizarase o día 5 de agosto de 2021 polo importe do 60% do recibo e o segundo cargo o día 7 de decembro polo importe do restante 40% do recibo.

*c) Modificar o parágrafo quinto do artigo 19 "Débedas tributarias aprazables"
Quedando redactado do seguinte xeito:*

ARTIGO -19- DÉBEDAS TRIBUTARIAS APRAZABLES

5. As débedas poderán aprazarse ou fraccionarse nos seguintes termos:

- As débedas de importe comprendido entre 100 e 200€ nun período máximo de 12 meses*
- As débedas de importe comprendido entre 200,01€ e 300€ nun período máximo de 18 meses*
- As débedas de importe superior a 300€ nun período máximo de 24 meses.*

C) Modificar o apartado dous do artigo 21 " Trámite e resolución" (Débedas Aprazables). Quedando redactado do seguinte xeito:

ARTIGO -21. TRAMITACIÓN E RESOLUCIÓN

2. Salvo circunstancias excepcionais apreciadas polo órgano que resolva, denegaranse as seguintes solicitudes:

- a) As de reconsideración de aprazamentos resoltos segundo os presentes criterios e que non estean debidamente fundadas, tendo como única finalidade demorar o cumprimento da obriga tributaria.*
- b) As presentadas por contribuíntes que incumpriran aprazamentos concedidos ou non formalizaran as garantías.*
- c) As inferiores a 100,00 €.*
- d) As de vencemento periódico e notificación colectiva, cando se atopen en período*

voluntario de cobro

1.2) ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES

*A) Modificación artigo 4 “Exencións”.
Quedando redactado do seguinte xeito:*

ARTIGO -4- EXENCIONES

1. Ademais dos bens inmobles do artigo 62.1) e 2) do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, estarán exentos, por criterios de eficiencia e economía na xestión recadatoria do tributo, os seguintes inmobles:

- a. Inmobles urbanos nos que a cota líquida non supere o importe de 6€.*
- b. Inmobles rústicos nos que as cotas agrupadas relativas a un mesmo suxeito pasivo non superen o importe de 3€.*

2. Gozarán de exención, previa solicitude, os inmobles previstos no artigo 62.2 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Para que a exención teña efectos no padrón do exercicio da solicitude esta deberá realizarse antes do 30 de xuño de cada exercicio, data anterior á do peche do devandito padrón.

Na solicitude incluírase a acreditación do cumprimento dos requisitos esixibles para a aplicación da exención.

Así mesmo, previa solicitude, estarán exentos os bens inmobles de que sexan titulares, nos termos previstos na normativa reguladora das facendas locais, as entidades sen fins lucrativos as que se refire a Lei 49/2002, de 23 de decembro, de Réxime Fiscal das Entidades sen Fins Lucrativos e dos Incentivos Fiscais ao Mecenado, conforme ao establecido polo Real Decreto 1270/2003, de 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento para a aplicación do réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado

A súa aplicación estará condicionada que as entidades sen fins lucrativos comuniquen ao Concello que se acollen ao réxime especial establecido por tales entidades e ao cumprimento dos requisitos e supostos de feito relativos ao mesmo, debendo achegar coa solicitude certificado que os inmobles para os cales se solicita a exención non se atopan afectos a explotacións económicas non exentas do Imposto sobre Sociedades.

B) Modificación artigo 5.4 “Bonificacións”, bonificacións familias numerosas, modifícase apartado 4 do artigo 5.



Quedando redactado do seguinte xeito:

ARTIGO 5. BONIFICACIÓNS

(...)

4. Os suxeitos pasivos titulares de familias numerosas , segundo o establecido no artigo 2 da Lei de Protección de Familias Numerosas, do 18 de novembro de 2003, sempre que o suxeito pasivo e os demais membros da unidade familiar non sexan titulares dalgún dos dereitos constitutivos do feito imponible deste imposto noutra vivenda terán dereito as seguintes bonificacións na cota do inmovible que constituía a súa vivenda habitual:

- a) Bonificación o 50% na cota íntegra do imposto sempre que a renda neta da unidade familiar non supere a cantidade resultante de multiplicar o salario mínimo interprofesional polo número de membros da unidade familiar.*
- b) Bonificación do 10% na cota íntegra do imposto se a renda neta da unidade familiar supera o límite establecido na letra a) anterior.*

Entenderase por vivenda habitual a efectos desta bonificación, aquela que figura como domicilio do suxeito pasivo no Padrón de habitantes.

Entenderase por membros da unidade familiar tódolos membros que figuren inscritos no Padrón de habitantes así como os que convivan cos contribuíntes no IRPF

Esta bonificación ten carácter rogado polo que a súa concesión requirirá, en todo caso, solicitude previa do interesado e acto administrativo expreso favorable a esta.

A bonificación terá duración exclusivamente anual, polo que debe ser solicitada para cada exercicio no que se pretenda a súa aplicación antes do 30 de xuño de cada exercicio, data anterior á do peche do devandito padrón.

A non presentación da solicitude no prazo establecido implicará a perda da bonificación, sen prexuízo de poder solicitarse novamente para períodos impositivos seguintes.

Na solicitude de concesión da bonificación deberá aportarse a seguinte documentación:

☑ DNI do solicitante

☑ Título de familia numerosa que acredite a condición de familia numerosa a 1 de xaneiro

☑ Fotocopia compulsada do Libro de Familia

☑ Declaración de IRPF dos integrantes da familia. No caso de que calquera ou todos os integrantes da familia non formularan declaración de IRPF, poñerase de manifesto esta circunstancia na solicitude e acreditarse mediante certificado expedido ao efecto pola AEAT



1.3 ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS (ICIO)

A) Modificación artigo 7 "Bonificacións". Modifícase antepenúltimo parágrafo quedando redactado do seguinte xeito:

Para poder gozar desta bonificación, os suxeitos pasivos do imposto deberán instar a solicitude de declaración de especial interese dentro do período comprendido dende a data da solicitude da licenza de obras a data da finalización do prazo de ingreso en período voluntario da liquidación provisional xirada en concepto de imposto sobre construcións, instalación e obras.

A) Modificación artigo 8 "Xestión ". Modifícase o primeiro parágrafo. Quedando redactado do seguinte xeito:

Cando se conceda a licenza preceptiva ou cando non solicitándose, concedido ou denegado, se inicie a construción, instalación ou obra, o Concello practicará unha liquidación provisional a conta, agás no caso que se teña tramitada unha solicitude de bonificación, cuxo recoñecemento corresponda ao pleno. Neste suposto practicarase a liquidación unha vez adoptado polo Pleno o correspondente acordo .

No suposto de presentación de declaración responsable ou comunicación previa establécese o réxime de autoliquidación.

1.5 ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVICIOS NO CEMITERIO MUNICIPAL CONDUCCIÓN DE CADÁVERES E OUTROS SERVICIOS FÚNEBRES

A) Modificación artigo 3 "Suxeito pasivo". Quedando redactado do seguinte xeito:

ARTIGO 3º.- SUXEITO PASIVO

Son suxeitos pasivos desta taxa, en concepto de contribuíntes as persoas físicas e xurídicas seguintes:

- 1. No suposto de servizos funerarios, o solicitante ou contratante, e no seu defecto, os herdeiros o legatarios do difunto.*
- 2. No suposto de concesións administrativas no cemiterio municipal, os seus titulares ou solicitantes segundo se trate primeira adquisición ou posteriores transmisións de actos de dereito sucesorio ou da prestación de servizos.*



3. Terán tamén a consideración de suxeitos pasivos, as herdanzas xacentes, comunidades de bens e demais entidades que, carentes de personalidade xurídica, constitúan unha unidade económica ou un patrimonio separado susceptible de imposición en razón da titularidade dos dereitos ou da prestación dos servizos.

4. Terán a consideración de substitutos do contribuínte aquelas empresas e profesionais (tales como funerarias, empresas de obras e servizos, etc..) que, tendo recibido a consignación do suxeito pasivo para o abono da taxa realicen en base a súa actuación profesional ou empresarial os trámites administrativos relacionados coa devandita actividade fronte ao Servizo Municipal.

A) Modificación artigo 7 "Suxeito pasivo". Introducción parágrafo relativo a "xestión de concesións sobre nichos, cabidas e sepultura"

Quedando redactado do seguinte xeito:

ARTIGO 7º.- NORMAS DE XESTIÓN.

XESTION DAS CONCESIÓNS SOBRE NICHOS, CABIDAS E SEPULTURAS.

1. As concesións administrativas de nichos, cabidas e sepulturas realizaranse, de xeito ordinario, pola enumeración correlativas das mesmas.

Non obstante, de xeito excepcional, poderán facerse concesións para nichos, cabidas e sepulturas concretas cando o solicitante fose concesionario doutro nicho ou sepultura colindante ou cando se dean circunstancias excepcionais, debidamente motivadas, que aconsellen empregar outro criterio.

(...)

SEGUNDO.- Expoñer ao público os acordos precedentes, mediante edicto, que se fixará na táboa de anuncios do Concello e se publicará no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión na provincia.

Durante o prazo de trinta días hábiles, a contar desde o día seguinte da publicación do correspondente edicto no BOP, os interesados poderán examinar o expediente, e presentar as oportunas reclamacións. No caso de non presentarse reclamacións, o acordo provisional considerase elevado a definitivo.

No suposto que se presentasen reclamacións, procederase á súa resolución e á adopción dos correspondentes acordos de aprobación definitiva.

TERCEIRO.- Os acordos definitivos ou os provisionais elevados a definitivos e o texto íntegro das modificacións acordadas, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, e entrarán en vigor o primeiro de xaneiro de 2021 e serán vixentes mentres non se acorde a súa modificación ou derogación"

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Emilio José di que se deben valorar positivamente as modificacións que se fan, sendo consecuentes co que leva aquí dende que é voceiro, coherente co seu prantexamento non van apoiar esta iniciativa basándose en dous puntos o que entendemos que se leva reclamando como é a baixada do IBI e ás veces non é un capricho. Neste ano debido á pandemia do COVID-19 o Concello levou a cabo axudas económicas a distintas actividades, con plan reactiva e con axudas dos bonos de axuda que valoran moi positivamente, inda que no sucesivo hai que pulir un pouco máis as cousas, unha baixada do IBI pódese facer xa que no pasado ano entre o remanente de tesorería, plan único da deputación, a disposición de gasto era duns 17 ou 18 millóns de euros, e polo tanto esa baixada do IBI é unha forma de axudar á cidadanía, ese é o motivo porque non vai apoiar esta proposta, por coherencia defendendo esa baixada do IBI, neste ano é necesario e sobre todo por ese xa mencionado, bonificacións a entidades Sociais, outra proposta que se fixo nesta cámara para usuarios da piscina acompañantes de persoas dependentes.

Intervén D. Jaime Germán felicita porque nestas ordenanzas fiscais non se sube de feito hai algunhas cousas que se baixan, en maio se fixeron unha serie de achegas, entre as que ía ese tema do IBI non fai falla máis que baixalo, é sinxelo. Sobre todo este ano, xa que incrementouse o presuposto en 4 millóns de euros, 4 millóns de euros se recadaron si lle baixamos 3 puntos, deixamos un millón de euros nos monfortinos, é a metade dos bonos, di que eles non van votar a favor. Efectivamente votades gobernan, pero di que eles non van parar de incidir neste tema, entenden que é algo directo e inmediato. Todo o que sexa axudar á xente, por parte do Concello eso se podería facer, deixan moitos cartos no peto dos monfortinos que lle van facer moita falta. Di que teñen que criticar esa parte, vostedes van facer o que queiran.

Intervén D^a Katherinie Varela dicindo que non se van parar moito neste punto tanto Emilio como Germán falan do mesmo, di que aquí non hai rebaixa de impostos, hai estancamento. Di que o seu voto será a abstención.

Intervén D^a Gloria Prada agradecendo a valoración positiva, lamentando que non apoiem as ordenanzas. Sinala que os monfortoninos pagaran menos impostos, redución levada a cabo da ordenanza de cemiterio, seguen mantendo conxeladas o resto das ordenanzas fiscais. Se manteñen as bonificacións do ano 2019, segue dando lectura á proposta da alcaldía.

Intervén D. Emilio José Sánchez manifestando que eles cando valoran positivamente a fórmula dos prazos, do ICIO, agora van dicir as cousas. Dixo vostede que os monfortinos pagarían menos impostos, está contando unha mentira, parécelle ben que se conxelen ou que non se actualicen as taxas de lixo, os monfortinos van pagar o mesmo que o ano pasado, sexamos serios. Non suben pero van pagar o mesmo, as taxas están conxeladas, o único que non se vai pagar son no IBI a cuota que non supere os 6 euros en urbano e en rústico que non supere os 3 euros.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que van pagar os mesmos impostos. Di que eles falaban do IBI por taxas por prestación de servizos do Concello no cemiterio, se vostede fai o mesmo co IBI, rebaixen polo de arriba, polo que se recauda moito, o Concello recauda 4



millóns de euros. Di que eles o que están pedindo é que todas as rebaixas sexan o maior posible. Sinala que ao mellor non é o momento de facer tantas obras, di que non veñen aquí a dicir o non polo non. Esperta Monforte tamén di moitas cousas en positivo, outra cousa é que vostedes non lle fagan caso. O Concello pode pasar un ano como van pasar o resto dos españois ao mellor apretando un pouco o cinto, o Concello podía pensar en baixar os impostos directos a todos os monfortinos.

Intervén D^a Katherinie Varela lembrando que xa pode rebaixar o porcentaxe que se aplica no IBI. Segue na mesma liña dos compañeiros.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que quén subiu o IBI agora o queira baixar. Dille a D. Emilio que o seu partido fai un tempo non dicía o mesmo que di vostede, é máis foi o que se beneficiou directamente no 2012 da subida do Sr. Montoro, e por certo non dicía iso, porque se beneficiaba aos parentes próximos. Claro que se pode facer, se deixan de ingresar, e que se deixa sen facer?, que non se fai. Ao mellor non se dan as axudas, non se fan as obras das que se falaban antes. Bonificación do 90%, os caprichos non se poden bonificar, a bonificación no está no 90% está no 95% para aqueles que creen emprego, para os caprichos non. Claro que pagan menos, inferior a 6 euros e inferior a 3 euros, podemos está de acordo que é pouco pero pagan menos, e baixan. Di que eles non aumentaron o presuposto, agora si que se axuda á xente antes non, agora si os feitos son os que o desmostran. A Xunta non o fixo, daba créditos que hai que devolver, outros Concellos, digan cales axudaron como o de Monforte. Concellos de arredor co IBI máis alto, e fixeron a regularización dos valores catastrais. Di que eles baixaron o cemiterio, e outros o subiron. Vostedes falan de 5 millóns, os que son de dudoso cobro e non se cobran, poderían falar de 10 millóns de euros de remanente e por iso falan de 7 millóns, eses 3 millóns que había de máis, son de dudoso cobro que non se cobran. Son unhas ordenanzas claramente beneficiosas para os cidadáns.

Sometido o asunto a votación apróbbase por maioría con dez votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, dous votos en contra dos concelleiros do Grupo Mixto e tres abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal do Partido Popular.

10º.- BONIFICACIÓN DO 30% NA COTA DO ICIO, POLA OBRA DE RENOVACIÓN DE CUBERTA NO PASEO DO MALECÓN NÚM. 2.

O ditame é favorable á proposta da Alcaldía, con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal socialista e catro abstencións dos concelleiros/as do grupo municipal do PP e dos concelleiros/as do Grupo Mixto, e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da alcaldía:

“VISTO que na data de 24.08.2020 (17472) a Sra. PEREZ IGLESIAS MYRIAM (34269151W) presenta solicitude de aplicación de bonificación do 30% na contía do imposto sobre



construcións, instalacións e obras en relación a licenza de obras concedida na data de 27.02.2019, licenza nº 022/2019, para obras de renovación de cuberta de edificio no Paseo do Malecón, nº 2, inmovible de referencia catastral 2292008PH2029S0001JJ CL DOCTOR CASARES, 0007 TODOS.

Vista a liquidación emitida polo concepto do imposto sobre construcións, instalacións de acordo co seguinte detalle:

<i>SUXEITO PASIVO</i>	<i>NIF</i>	<i>DESCRIPCION OBRA</i>	<i>CONCESIÓN LICENCIA OBRAS</i>	<i>LIQUIDACION</i>	<i>IMPORTE ICIO</i>	<i>D.COBRRO</i>
PEREZ IGLESIAS MYRIAM	34269151W	OBRAS RENOVACION CUBERTA INMOBLE RUA DOUTOR CASARES Nº7 OBRA Nº 22/2019	XGL 27/02/2019	2019/123	221,00 €	25/06/2019

VISTO que a bonificación atópase regulada no artigo 7.a) da Ordenanza Fiscal reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras, en virtude do establecido no artigo 103.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

VISTO o informe emitido pola Oficina Municipal de Rehabilitación que establece que as anteriores obras están incluídas dentro da actual delimitación de Conxunto Histórico Artístico de Monforte de Lemos.

VISTO o Informe da Técnica de administración xeral e da Tesoureira.

PROPONSE AO PLENO DA CORPORACIÓN

PRIMERO.- Declarar de especial interese ou utilidade pública das devanditas obras realizadas dentro da actual delimitación de Conxunto Histórico Artístico de Monforte de Lemos.

SEGUNDO.- Conceder a bonificación do 30% na cota do imposto de sobre construcións, instalacións e obras.

TERCEIRO.- Acordar devolver o importe de 66,30€ polo concepto da bonificación do 30% na cota do Imposto de sobre construcións, instalacións e obras:
(ES70 2080 0115 0730 0003 4908)

<i>NIF</i>	<i>SUXEITO PASIVO</i>	<i>OBXECTO TRIBUTARIO</i>	<i>LIQUIDACIÓN</i>	<i>COTA</i>	<i>BONIFICACION</i>
34269151W	PEREZ IGLESIAS MYRIAM	OBRAS RENOVACION CUBERTA INMOBLE RUA DOUTOR CASARES Nº7 OBRA Nº 22/2019	2019/123	221,00 €	66,30 €

Non se producen intervencións.

Sometido o asunto a votación apróbase por unanimidade cos votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, dos concelleiros/as do Grupo Municipal do Partido Popular e dos concelleiros/as do Grupo Mixto.

11º.- BONIFICACIÓN DO 95% NA COTA ICIO, POLA OBRA DE AMPLIACIÓN DE INDUSTRIA LÁCTEA, NAS PARCELAS 29-30 E 16-A DO POLÍGONO DO REBOREDO.

O ditame é favorable á proposta da Alcaldía, con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal socialista e catro abstencións dos concelleiros/as do grupo municipal do PP e dos concelleiros/as do Grupo Mixto, e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da alcaldía:

“VISTO que na data de 4.09.2020 (RE 18158) o Sr. Joaquín Garrido Martín (08102172P) en representación OVIGANIC IBERICA SL (B14590046) solicita que lle sexan aplicadas nas obras concedidas para a ampliación de industria láctea nas parcelas 29-30 e 16-A as bonificacións existentes nas ordenanzas fiscais do imposto sobre bens inmobles, o imposto sobre actividades económicas e o imposto sobre construcións, instalacións e obras.

En relación ao proxecto de ampliación de industria láctea no Polígono Industrial do Reboredo, parcelas 29-30, 16A, con licenzas de obras de data 04.08.2020 procederase á creación de 17 novos postos de traballo unha vez finalicen as devanditas obras e se inicie a actividade, obras que se estiman cunha duración de 15 meses.

Por acordo de Xunta de Goberno Local do día 3.08.2020 concedeuse a OVIGANIC IBERICA SL (B14590046) concesión de licenza de obras para “levar a cabo obras de ampliación de industria láctea nas parcelas 29-30 e 16-A do Polígono Industrial do Reboredo”. “Desmineralización de soro e sección de envasado de mestura seca” Obra número 193/20; e aprobose a liquidación 2020/675434 de importe 318.250,37€ polo concepto do imposto sobre construcións, instalacións e obras devindicada polas devanditas obras.

As devanditas obras realizaranse nos inmobles de referencia catastral 0156213PH2005N0001BW PL INDUSTRIAL, 0016-A S UE e no inmovible de referencia catastral 0356525PH2005N0001TW PL INDUSTRIAL, 0028 1 00 01.

Visto o informe emitido pola Oficina Municipal de Rehabilitación que establece que as anteriores obras axústanse ao descrito no artigo 7.d da Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre construcións e obras, xa que se trata de obras de ampliación que alteran a configuración arquitectónica dos edificios, entendendo por tales as que teñen carácter de intervención total ou as parciais que produzan unha variación esencial da composición xeral exterior, a volumetría, ou o conxunto do sistema estrutural, ou teñan por obxecto cambiar os usos característicos do edificio.



Vista a liquidación emitida polo concepto do imposto sobre construcións, instalacións de acordo co seguinte detalle:

SUXEITO PASIVO	NIF	DESCRIPCION OBRA	LIQUIDACION	IMPORTE ICIO
OVIGANIC IBERICA SL	B14590046	LICENZA OBRAS Nº 193/2020	2020/675434	318.250,37

A bonificación do imposto sobre construcións, instalacións e obras atópase regulada no artigo 7.d) da Ordenanza Fiscal reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras, en virtude do establecido no artigo 103.2 do Real decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

A bonificación do imposto sobre actividades económicas atópase regulada no artigo 4 da Ordenanza Fiscal reguladora do imposto sobre actividades económicas, en virtude do establecido no artigo 88.2.e) do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

A bonificación do imposto sobre bens inmoables atópase regulada no artigo 5.5 da Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre bens inmoables, en virtude do establecido no artigo 74.2.quáter do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

VISTO o informe emitido pola arquitecta do servizo de asistencia urbanística do Concello de Monforte de Lemos.

VISTO o Informe da Técnica de administración xeral e da Tesoureira.

PROPONSE AO PLENO DA CORPORACIÓN

PRIMERO.- Declarar de especial interese ou utilidade pública as obras a realizar para "levar a cabo obras de ampliación de industria láctea nas parcelas 29-30 e 16-A do Polígono Industrial do Reboredo". "Desmineralización de soro e sección de envasado de mestura seca" Obra número 193/2020.

SEGUNDO.- Conceder a bonificación do 95% na cota no imposto sobre construcións, instalacións e obras; que da lugar a anulación da liquidación 2020/675434 por importe total de **318.250,37€** e aprobar a liquidación por importe total **15.912,49€** (remesa 45/2020), de acordo co seguinte detalle:

NIF	SUXEITO PASIVO	OBXECTO TRIBUTARIO	COTA	BONIF 95%	COTA BONIF
B1459004 6	OVIGANIC IBERICA SL	LICENZA OBRAS Nº 193/2020	318.250,3 7 €	302.337,88	15.912,4



Debéndose cumprir o requisito que a creación de como mínimo 2 novos postos de traballo deberán manterse polo menos nun prazo igual a 2 anos contados dende a finalización das construcións, instalacións e obras.

TERCEIRO.- *Conceder a bonificación do 75% da cota do imposto sobre bens inmobles nos inmobles de referencia catastral 0156213PH2005N0001BW PL INDUSTRIAL, 0016-A S UE e 0356525PH2005N0001TW PL INDUSTRIAL, 0028 1 00 01.*

A devandita bonificación aplicarase dende o período seguinte a presentación da preceptiva declaración catastral correspondente ás devanditas obras no catastro inmobiliario e aplicarase por un período de 3 anos.

CUARTO.- *Conceder a bonificación do 75% da cota do imposto sobre actividades económicas.*

A devandita bonificación aplicarase dende o período seguinte a presentación da preceptiva modificación censal correspondente ás devanditas obras no imposto sobre actividades económicas e aplicarase por un período de 3 anos.

QUINTO.- *Posto que a creación dos 17 novos postos de traballo derivados da ampliación da actividade non pode xustificarse neste momento, a **devandita xustificación** deberá realizarse dende o momento no que se produza a modificación censal no imposto sobre actividades económicas derivada da finalización das devanditas obras e **nun prazo máximo de 6 meses**.
O incumprimento dos requisitos exhibibles para aplicación das bonificacións determinará a perda do dereito a súa aplicación. “*

Non se producen intervencións.

Sometido o asunto a votación apróbase por unanimidade cos votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, dos concelleiros/as do Grupo Municipal do Partido Popular e dos concelleiros/as do Grupo Mixto.

12º.- MOCIÓN DE ESPERTA MONFORTE PARA INICIAR OS TRABALLOS PREVIOS DE CARA A ELABORAR O PXOM DE MONFORTE.

O ditame é favorable á moción, cun voto a favor do concelleiro D. Jaime Germán Vázquez Pérez, Grupo Mixto, e seis abstencións dos concelleiros/as do Grupo

municipal Socialista e dúas abstencións dos concelleiros/as do grupo municipal do PP e unha abstención do concelleiro D. Emilio José Sánchez Iglesias, do Grupo Mixto, e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese o acordo que figura na moción:

“Instamos ao Equipo de Goberno a empezar os estudos e traballos previos de cara á elaboración do PXOM de Monforte”.

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Jaime Germán Vázquez Pérez dando lectura a súa iniciativa. Di que eles entenden que é algo imprescindible que se intentou en varias ocasións, di que lles gustaría que houbera unha partida dentro dun mes, cren que faltan gañas, non saben en que momento o van a iniciar o único polo que presenta a moción é porque esta no seu programa sendo necesario para o Concello. Entende as explicacións que se dan do plan hidrolóxico, pero iso non pode ser un impedimento para o seu inicio, de traballar por e para a posibilidade de que neste mandato se puidera ten un PXOM.

Intervén D. Emilio José Sánchez dicindo que os grupos representados nesta Cámara levaban no programa do 2019 a elaboración de iniciar o expediente do PXOM. Di que cre que están nun momento propicio, tanto económico, cren que é a folla de ruta, un proxecto de Concello, di que é fundamental, saben das dificultades e máis do momento no que estamos, ao non ser de que haxa unha previsión, de que declare que a gran parte de Monforte sexa zona inundable. Di que xa sabe que se falou nesta Cámara que se retirou dunha forma que non se debeu de retirar, sinala que hai que mirar cara adiante e di que están nun momento propicio para levar adiante esta iniciativa. Van apoiar esta iniciativa.

Intervén D^a Katherinie Varela dicindo que van apoiar a iniciativa porque lles parece moi importante. Di que no seu partido houbo algunha persoa que polemizou moito co plan. Fala dun plan de consenso, porque di que é fundamental ter un plan de urbanismo. Sinala que vai traer polémica, pero con diálogo e con moita explicación si que se pode quitar adiante un PXOM.

Intervén D. Ibán Torres dicindo que resulta abrumador tanto consenso e traballo en común. Dille a D. Germán que anda un pouco escaso de ideas. Agradece o interese polo impulso, esta proposta é a conta dos demais. Di que o único motivo de non ter un plan é a política populista. No ano 2012, impresionado por intereses particulares en vez do interese xeral se paraliza o Plan Xeral. Sinala que se reclama aos demais a responsabilidade doutros. Cando se di alegremente 500 millóns nun caixón, parece que non pasa nada. Di que isto é unha perda de tempo. Di que o programa do Partido Socialista estase a cumprir. Este equipo de goberno van



aprobar moi pronto un Plan Especial que vai ser o primeiro plan de urbanismo en Monforte. Di que este é un debate totalmetne exteril.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que eles levan no seu programa este tema. Si que é certo que poden vir e que todos os monfortinos foi Severino quén o paralizou. Dicit que iso foi algo que o paralizaron os demais, di que eles o teñen que lembrar. Sinala que eles non levaban nada no seu programa da ponte de ferro. Di que Esperta Monforte leva o do PXOM, manifestando que non se ven aquí a lembrar o que se fixo mal, di que o tema do PXOM parecélle moi serio.

Intervén D. Emilio José Sánchez dicíndolle ao Sr. Torres que fixo un repaso cronolóxico dos acontecementos. Amosa o seu apoio a esta iniciativa porque é precisa, o que foi e non puido ser xa pasou. Uns dos motivos dos que el está participando en política foi por aquela ocasión que podería ser valida e se retirou cunha presión da veciñanza, basada en moitas mentiras, por posicionarse de manter o plan, as circunstancias foron as que foron, iso xa pasou fai moito tempo.

Intervén D^a Katherinie Varela dicindo que lle parece unha proposta moi importante, porque é unha maneira de dicirle ao equipo de goberno o que lles parece importante. Subestimar así alguén Sr. Ibán Torres parécelle que esta fóra de lugar. Que o debate non teña moita cabida, o debate é corto porque estamos todos de acordo. Di que ela non vai poñer as súas espaldas o que fixeron outros no Partido Popular, outra cousa é que se respecte, se o Sr. Nazario Pin cometeu erros habera que dicilo .

Intervén D. Ibán Torres manifestando que coincide con D. Emilio. Di que non fai falla ter un debate aquí, manifesta que el non subestima a ninguén. Dille a D. Germán que non sabe se sinte tan molesto como D^a Katherinie en calquera caso dase da primeira proposta que fai e agora resulta que vai no seu programa.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez dicíndolle a D. Ibán que non paran de dicir o que levan no seu programa, pero o levan todos porque é unha cousa importantísima, o que quere Esperta é que se asignen cartos e comenzer dunha vez. E sen embargo, se lle está prestando atención a outras cousas que non son nin a metade de importantes. Di que el non se vai tomar nada a título personal. Sinala que que eles teñen un programa, o único que pretendían pensando que o levaban no seu programa. Ata pode haber xente do equipo de goberno que non lera o seu programa.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que os programas xa o valoraron os cidadáns. Espera que cando chegue o momento apoie vostede a ponte. Se se apoia un programa hai que apoialo todo non se pode apoiar por partes. Ás veces hai que saber do que se fala, vostede sabe como afecta o plan hidrolóxico a Monforte, todas as zonas que declaran inundables. No ano 2006 e no 2012 o 2013 non había e había un acordo do plan e por puro populismo se retirou, agora temos uns inconvenientes que non

había anteriormente. No Concello de Quiroga acaban de aprobar o Plan Xeral votou trece anos, o Concello de Lugo despois de moitos anos, aínda queda un 5% por aprobar. Hai que saber do que se fala, os efectos que ten plan hidrolóxico é moi importante, temos zonas moi inundables, claro que é unha ferramenta moi importante agora e antes. Di que padeceu o do ano 2013, di que el estivo nunha reunión, que neste salón onde están agora estaba a reventar. Cando fixo unha intervención que que dixo que cunha simple alegación se arranxaba, di que a el lle silvaron, incluso houbo xente que fixo xestos raros. Aquelo chegou a estar en exposición pública. Cunha soa alegación sería suficiente, naquel momento coñecía ao alcalde da Coruña Carlos Negreria, que tiñan o mesmo problema na Coruña que aquí, cunha soa alegación arranxaron o plan, iso foi o que se fixo na Coruña, afortunadamente a xente ten memoria, fala de intereses particulares. Fala da debilidade de ser bo con catro que teñen intereses e cos demáis non, perxudicou moito. E moi difícil que o PXOM en Monforte como non se modifique o plan hidrolóxico, toda a zona de correos é inundable, hai cantidade de solares inundables que se fan con eles, hai que explicarllo á xente.

Sometido o asunto a rexéitase con dez votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, e cinco votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal do Partido Popular e dos concelleiros/as do Grupo Mixto.

13º.- MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR PARA INSTAR AO GOBERNO A QUE INGRESE AS CONTÍAS DO IVE NON LIQUIDADAS, CORRESPONDENTES AO EXERCICIO 2017.

O ditame é favorable á moción, con dous votos a favor dos concelleiros do grupo municipal do PP, seis abstencións dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista e dúas abstencións dos concelleiros/as do grupo Mixto, e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese o acordo que figura na moción:

- 1. Declarar o apoio deste Concello ás reivindicacións da FEGAMP e da FEMP para que o Goberno de España ingrese ás entidades locais as contías do Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) non liquidadas correspondentes ao exercicio 2017 como consecuencia da implantación do Suministro Inmediato de Información (SII).*
- 2. Instar ao Ministerio de Facenda a que ingrese a este Concello 172.182,19 € en concepto de cantidade non liquidada de IVE correspondente ao exercicio 2017 como consecuencia da implantación do Suministro Inmediato de Información (SII).*
- 3. Dar traslado destes acordos ao Ministerio de Facenda, á Xunta de Galicia, a FEGAMP e á FEMP”.*

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D^a Katherinie Varela manifestando que eles non esconden que traen unha moción que é do partido, di que é unha mostra de traballo en equipo. Di que lle gustaría aclarar que non lles obrigan a presentar ningún moción en concreto. Sinala que neste caso inclúen esta moción polas circunstancias e pola gran preocupación que se ten dende o grupo popular ante a crisis do COVID-19. Todo o que sexa diñeiro que teña que ver co Concello é necesario. Da lectura á moción.

Intervén D. Emilio José Sánchez dicindo que xa veu a esta cámara neste mandato unha moción parecida ou semellante, di que non anda moi ben de memoria últimamente. Sinala que están de acordo en reclamar todo o que sexa dos galegos. Sinala que é curioso que no encabezamento da moción a voceira do partido popular diga que era unha moción do Partido Popular de Galicia, chegou dúas veces ao parlamento e o partido popular votou en contra dúas veces, non votou a favor porque era previsible se gañaba o partido popular despois tiña que tragar a petición, o caso é que pasadas as eleccións foi unha ferramenta de batalla da noite para o día. Di que lles parece ben, sinala que cren que pedir para outros si, pedir cando gobernan os nosos e cando non gobernan os que non son nosos. Pregúntase que non non sabe de onde saíu esa cantidade concreta. Descoñece a cantidade, sinala que apoian esta iniciativa pero eliminando esa cantidade, xa que non saben de onde sae e como se fixo ese cálculo, realmente ao mellor é máis, non saben.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez dicindo que estes temas si que intentan estúdiolos antes de chegar aquí, e preguntado din que ao mellor este tema desta cantidade non é así. Sinala ue están a favor de que se se adeudan uns cartos que os paguen. Pero sí que é certo que isto parece ser que é un tema da Xunta de Galicia co goberno, e despois a Xunta de Galicia con eses cartos, si que os da aos concellos pero non nesa cantidade que di aquí, solicita que se retire o da cantidade exacta.

Intervén D. Ibán Torres dicindo que hai moitas mocións tipo, refírese ao contido da moción. Non é así como contan as cousas, no ano 2017 o Sr. Rajoy urtou aos Concellos e as deputacións o mes de decembro de IVE dese ano, o informe da Axencia Estatal tributaria está feito a medida, pecharon o mes en novembro como se decembro non existirá. Vostedes son os únicos responsables deste roubo do goberno do PP, e agora queren facer política populista. O colmo do despropósito é que a esta proposta hai informes xurídicos e económicos que din que está todo prescrito. Di que eles non están en contra de que se ingresen os cartos están en contra do oportunismo.

Intervén D^a Katherinie Varela dicíndolle a D. Emilio que ten razón e é unha vergoña, cando esta outro partido no goberno non o piden, como fixo o partido socialista, que se quitaba fotos na estación de trens e agora non votan a favor do ferrocarril. Vostedes cando non están no goberno din outras cousas. Di que non teñen ningún problema de que os números desaparezan da moción, os datos veñen da Fegamp. Di que pode ser crítica co que fai o seu partido. Pregunta qué informes din iso de estar prescritos?. Dille a D. Ibán que diga algo, non concreta, di que non

van manifestar nada máis, aceptan que non se poñan as cantidades, di que pasará o informe da Fegamp con posterioridade.

Sometido o asunto a rexéitase con dez votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, e cinco votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal do Partido Popular e dos concelleiros/as do Grupo Mixto.

14º.- MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR PARA INSTAR AO EQUIPO DE GOBERNO A ELABORACIÓN DUN PLAN DE TURISMO SOSTIBLE E ADAPTADO AS ACTUAIS CIRCUNSTANCIAS SANITARIAS PARA A CIDADE DE MONFORTE DE LEMOS.

O ditame é favorable á moción, con dous votos a favor dos concelleiros do grupo municipal do PP, seis abstencións dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista e dúas abstencións dos concelleiros/as do grupo Mixto, e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese o acordo que figura na moción:

“Instamos o equipo de goberno a elaborar un plan de turismo no cal se marquen diferentes estratexias que potencien a actividade económica da cidade, no cal se recollan , polo menos, os seguintes puntos, ademáis de outros que considere relevantes o pleno municipal.

- 1. Partida de inversión en publicidade nas redes Sociais e nos buscadores de internet de maneira que con determinados termos a nosa cidade saia nos primeiros postos da búsqueda.*
- 2. Instar as administracións competentes a unha mellora do transporte público para adecuar as comunicación terrestres as necesidades da cidade.*
- 3. Habilitar a oficina de turismo cunha sinalización axeitada por toda a cidade para que os turistas poidan encontrala con facilidade.*
- 4. Instar a Deputación Provincial a arranxar os problemas que provocaron o peche da cafetería do embarcadorio Ponte do Sil para poder sacar a concurso novamente a mesma así como prestar maior atención da limpeza no lugar.*
- 5. Axudas ó emprendemento e a innovación de negocios e proxectos sostibles e seguros vinculados co turismo.*
- 6. Potenciar as posibilidades que ofrece o camiño de inverno o seu paso por Monforte de Lemos, que sen dúbida algunha pode ser un ”*

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D^a Katherinie Varela dando lectura a súa moción. Di que xa expuxeron na anterior moción. Di que algo que levan no seu programa, e que van insistir moito no tema económico. Dase a casualidade de que os concelleiros deste grupo son

autónomos, e viven en Monforte, e hai moitos negocios pechados, é unha situación que se repite en moitas cidades no interior de Galicia. Sinala que cren que é a súa obrigação traer iniciativas. É un plan de turismo para potenciar a longo prazo a economía. Da lectura á moción presentada.

Intervén D. Emilio José Sánchez dicindo que eles comparten a idea. Fala de que xa se falou nesta Cámara dun plan estratéxico de turismo a proposta deles. Di que eles estarían de acordo en que o goberno elabore ese plan estratéxico de turismo onde participen os distintos axentes do turismo e estes puntos pasen a englobar a exposición de motivos. Quén ten que potenciar o turismo é a Xunta, hai que dicir as cousas como hai que dicilas. Sinala que esta iniciativa aprobala con cousas concretas é un pouquiño escasa, se queremos instar ao equipo de goberno a elaborar un plan de turismo, promocionar roteiros, actuacións culturais e musicais, e máis poder ter unha oferta todas as fins de semana, isto ten que ser de cara ao futuro de cara ao saír desta pandemia. Agora mesmo o turismo coa situación na que estamos, non é o prioritario. Fala de que Euskadi acabou de pechar o seu territorio. Aroveitar este tempo de pandemia para telo preparado para despois de saír dela.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez sinalando que apoian calquera iniciativa que sexa positiva para Monforte. Si que é certo que é importantísimo o tema do turismo, si se define un pouco máis o tema. Di que se falou do tema do bar, se falamos de turismo e de xuntarnos é bo. Fala de que está en contra da nova normalidade e algo que co que temos que convivir.

Fala de que non sabe porque o Concello non ten un protocolo para que a xente poda ir aos campos de fútbol aos pavillóns. Di que se ten un pavillón no que poderían entrar 100 pequenos e non existe protocolo.

Intervén o sr. Alcalde dicíndolle a D. Germán que fala por falar.

Intervén D. Ibán Torres sinalando que este goberno municipal apoia a todos os sectores de Monforte incluído o sector do turismo. Estan dando axudas e promocionando o Concello e a Comarca. O compromiso co turismo deste Concello está claro non como o do partido popular, calquera presentación calquera acto relacionado coa Ribeira Sacra non se celebra aquí. Dígalle aos seus compañeiros que cambien de política. Di que esta proposta lle soa algo diferente, poca concreción o que se pide.



Intervén D^a Katherinie Varela dicindo que é un compendio de cousas, que son seis puntos moi importantes agora. Di que entende que os puntos se podan englobar na exposición e que quede unha declaración xenérica de que se comence a facer a un plan de turismo. Benvidas ás axudas que veñen do Goberno central e da Xunta, ela quere ver unha preocupación cara ao futuro, pero marcar unha estratexia clara que é o que se solicita aquí. Gustaríalle saber que actos se celebran fóra de Monforte. Di que non ten ningún problema con tal de que se movan un pouco as cousas, un plan sostible.

Intevén D. Emilio José Sánchez dicindo que con respecto a que Ourense ten un peso específico. Cando a Volta Ciclista a España pasou por Monforte, curiosamente a partir das 12 do mediodía, se fixo o resto da carreira en moto, a ninguén se lles escapa que hai helicópteros de aluguer, e non se fixo o seguimento por aire, que englobaría ver a Ribeira Sacra e todo o seu patrimonio. Curiosamente, despois pero fíxose un programa na Cuatro, ao pouco tempo da Volta, non sería aquilo realmente por contratos que ao mellor algúns o fixeron sen contar co resto dos socios do consorcio. Por iso cando falaba vostede que Ourense é capital da Ribeira uns o queren facer e outros que o permiten.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez amosando o seu voto a favor. O que falaba do tema do protocolo non é que o Concello non teña uns protocolos, a Xunta de Galicia ten un protocolo para o deporte, a Asoc. Galega de Voleibol ten outros protocolos e deixa nas man de que poida haber público ou non, o ten tan fácil como pedir o protocolo do Concello de Boiro ou do Oleiros, di que el non quere dicir que o Concello de Monforte non teña un protocolo, o que quere dicir é que a parte cómoda é que non entre xente nos pavillóns. Se se quere o Concello pode facelo. Despois estamos na homilía e temos que estar calados, pero el quería aclararlle iso, está nas súas mans que os pequenos que veñen acompañando poidan entrar efectivamente con todas as medidas. Manifesta que non se pode dicir todo o rato que din tonterías e non se sabe do que se fala.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que lle sobra tempo a D. Emilio e non que íamos ven de tempo dille a D. Germán, e vostede non falou nada do turismo, tamén hai que falar algo do que estamos debatendo.

Intervén D. Ibán Torres dicindo que si menciona os actos que fan fora de Monforte ía ser moi longo, propón que mencionen os que fan en Monforte que sería moi curto.

Intervén D^a Katherinie Varela manifestando que queda claro os seis puntos se inclúen na exposición de motivos e fan unha instancia xenérica instar ao equipo de

gobierno de elaborar un plan de turismo. Seguramente cada un tira para o seu, pero di que ela tira para Monforte diso que non quepa dúbida.

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que Sober loita pola capital da Ribeira Sacra vai ter que loitar moito. Quén fala di que non pode dar leccións ao seu partido, posiblemente leccións ninguén pode dar a ninguén, sería sobre un tema que se debate . Ningún Concello nin Ourense, promociona o que promociona o Concello de Monforte a Ribeira Sacra, dende a provincia tamén se promociona a Ribeira Sacra e a Monforte. os catamaráns que seguen ata o 13 de decembro supoñen 45.000,00 euros, iso non é gratis, é unha promoción. O curioso é que a Xunta é a que ten a competencia. Fala vostede que cousas se fan fóra de Monforte, en Monforte non se fan. A deputación de Lugo conseguiu que entrara a Ribeira Sacra na rede Europea de rutas de itinerarios culturais europeos, que promociona o Consello de Europa, a Ribeira Sacra que se conseguiu introducir por unanimidade, di que é a terceira de España, é un logro importante. Vostedes cren que non é noticia para a televisión de Galicia, iso é sectarismo porque quén ía falar non lles valía. Di que levan dende xullo, falta a primeira vez que a televisión de Galicia entrevistara ao presidente da deputación de Lugo, despois queíxanse das homilías, pero hai que dicir a verdade. Fala da Ponte do Sil que estaba totalmente ilegal, vaise arranxar pero non se teñen os permisos da Confederación Hidrográfica, todavía non se teñen permisos para a obra, instalación da depuradora, non hai permiso de captación de auga. Iso vaise abrir cando se legalice, leva máis de vinte anos así, xa está ben, chega un momento que hai que dicir basta.

Dille a D^a Katherinie que non confunda, que el non ten rencillas personais con ninguén, ningún cidadán vai facer o que lle dea a gana, cruza o paso a nivel de Rioseco, ven polo Malecón e non vai pola Florida, di que a Florida é a ruta alternativa, definan cal é o camiño de inverno, o itinerario non o hai. O que ten que dicirlle á Xunta é que Monforte merece un albergue público igual que o merece Fonsagrada onde mercaron unha casa para restaurar, non lle parece que iso esta fóra de lugar. Di que é moi probable que a Volta Ciclista a España volva a Monforte, a chegar ou a saír, non a pasar, non cre que tarde moitos anos, cando di unha cousa deste tipo non a dí por dicir, se a pandemia o permite haberá un evento a nivel mundial que saírá de aquí.

Sometido a votación a moción coa modificación proposta rexéitase con dez votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, e cinco votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal do Partido Popular e dos concelleiros/as do Grupo Mixto.



15º.- MOCIÓN DO BNG PARA A RECUPERACIÓN DA RÚA VELLA E MANTEMENTO DO CASCO HISTÓRICO.

O ditame é favorable á moción, cun voto a favor do concelleiro D. Emilio José Sánchez Iglesias, seis abstencións dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista, dúas abstencións dos concelleiros/do Grupo municipal do PP e unha abstención de D. Jaime Germán Vázquez Pérez, concelleiro do Grupo Mixto, e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese o acordo que figura na moción:

“Que o goberno municipal leve a cabo as accións necesarias (Deseñar, e dotar de orzamento, un plan básico de recuperación dos potenciais patrimoniais) para a recuperación e conservación da rúa vella e a posta en valor e de todo o conxunto histórico artístico da cidade. Sen prexuízo das preceptivas autorizacións de Patrimonio.”

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Emilio José Sánchez dando lectura a súa moción. Di que o que se queren é que se restaure ou recupere o firme da rúa vella, que se poña en valor o conxunto histórico-artístico.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez amosando o seu voto a favor. Fala da rehabilitación da muralla.

Intervén D^a Katherinie Varela amosa o seu voto a favor.

Intervén D. Ibán Torres dicindo que os datos do primeiro párrafo son certos, pero o resto non se axusta á veracidade. É certo que nun primeiro mandato do BNG se fixo a limpeza, agora se limpa todos os anos e con fondos do Concello. Debido aos traballos de desescombro dunha vivenda, se realizou dunha forma subsidiaria. Posteriormente, algún veciño acabou limpando algún tramo fronte a súa vivenda. Os particulares non poden actuar en vías públicas. En breve se aprobará un plan especial que recolle o que se pode e non se pode facer, e este goberno cumprirá cos proxectos.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que o que traen é un acordo para que se recupere esta rúa. Manifesta que fixeron consultas varias, e como se poñen aquí sen prexuízo das perceptivas actuacións de patrimonio. Polo tanto, dende a boa fe dende o bo criterio, que a oposición teñen que traer propostas e vostedes gobernan. Se vostedes o queren deixar máis adiante deixéno para cando queiran.



Intervén D. Jaime Germán Vázquez reiterando o seu voto a favor e di que como oposición teñen que traer cousas e queda rexistrado e todas as actuacións que teñen pensado facer. Di que é certo que como oposición teñen que traer mocións para que teñan a ven debatilas, lelas e aprobalas ou non.

Intervén D. Ibán Tores di que sí sabe ao que veñen aquí, si que o sabe.

Intervén D. Emilio José Sánchez agradecendo o voto favorable.

Intervén o Sr. Alcalde preguntándolle a D. Germán quén lle dixo a vostede que non traía iniciativas aquí? Non sabe a que ven iso non o entende.

Dille a D. Emilio sobre que seguen a senda do BNG, pasaron 11 anos en limpar a muralla, e agora limpase todos os anos, iso sí que é seguir a senda. En relación coa firme, non foi ningunha veciña, non é verdade, quén o descubriu foi o Ayán coa pala, digamos a verdade, a realidade é esa. Sen pedir permiso se actúe aí, non se pode. Vanse seguir cousas relevantes, 23 o 24 obras antes de final de ano quedaran conveniadas, contratadas.

Sometido a votación a moción rexéitase con dez votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, e cinco votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal do Partido Popular e dos concelleiros/as do Grupo Mixto.

PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN

16º.- INFORMACIÓN ESPECÍFICA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA (de datas 24.09.2020, 30.09.2020, 12.10.2020 E 14.10.2020) QUE LEVANTAN REPAROS DE INTERVENCIÓN (art. 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais).

A efectos de cumprir co disposto polo artigo 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais, segundo redacción dada polo artigo Segundo.Tres da Lei 27/2013, de 27 de decembro, dáse conta especificamente das Resolucións que foron adoptadas con reparo e dos informes de Intervención que os recollen.

17.- DACIÓN DE CONTA DO PLAN DA ACCIÓN DA ALCALDÍA RESPECTO DOS INCUMPRIMENTOS, DEBILIDADES, DEFICIENCIAS E ERROS POSTOS DE MANIFESTO POLA INTERVENCIÓN XERAL ATENDENDO ÁS RECOMENDACIÓNS EXPOSTAS NO SEU INFORME-RESUMO DOS RESULTADOS DE CONTROL INTERNO DO EXERCICIO 2019.



A efectos de cumprir co disposto no artigo 38 do Real Decreto 424/2017 de 27 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do Control Interno do Sector Público Local o Pleno queda informado do Plan de acción da Alcaldía respecto dos incumprimentos, debilidades, deficiencias e erros postos e manifesto pola Intervención Xeral atendendo ás recomendacións expostos no seu informe resumo dos resultados do control interno do exercicio 2019.

18º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Pregunta BNG RE 21721 de 23.10.2020

.-En que situación se atopa o proxecto do refuxio de animais. Ten pensado construílo neste mandato?

Resposta o Sr. Alcalde dicindo que aquí hai un documento con dúas preguntas. A resposta é non.

Rogo BNG RE 21722 de 23.10.2020

.-Que o Concello faga as xestións oportunas ante a Consellaría de Infraestruturas e mobilidade para que se solucionen as deficiencias expostas.

Resposta o Sr. Alcalde dicindo que se lle dará traslado á consellería da Xunta de Galicia do rogo que se formula.

Pregunta Esperta Monforte RE 21742 de 23.10.2020

.-Que medidas preventivas vai a exixir a empresa de axuda a domicilio o Concello despois de este caso positivo COVID-19 de una traballadora a domicilio, ou que seguimento se lle vai facer a empresa no cribado os seus traballadores.

Resposta o Sr. Alcalde que a empresa xa fixo o cribado á totalidade das traballadoras e deron negativo todas menos a persoa que deu positivo inicialmente.

Rogo Esperta Monforte RE 21741 de 23.10.2020

.-Rogamoslle convoque o Consello Municipal de Saúde.

Resposta o Sr. Alcalde que cando se teña algo que contarles se convocará.

Pregunta PP re 21769 de 23.10.2020



.-O día 25 de xuño se coñeceu o nome da empresa gañadora do concurso de ideas do Ponte Novo, valorado en 98.503,39 €. No prego administrativo establecíase un prazo de execución de 4 meses, sen embargo descoñecemos desde que data comeza a transcorrer ese prazo e si realmente comezou ou se firmou algún contrato, posto que na plataforma de contratación non se amosa máis información. Polo que a nosa pregunta é ¿Firmouse xa algún tipo de contrato nese sentido e xa está a transcorrer o prazo?

Resposta o Sr. Alcalde que se asinou o correspondente contrato e xa empezou a correr o tempo, dende que se asinou o contrato.

Non habendo máis asuntos a tratar, o Sr.Alcalde-Presidente levanta a sesión sendo as vinte horas e corenta e cinco minutos do mesmo día, de todo o cal, como Secretario, certifico.

Vº e pr.
O Alcalde,